

DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 40
2017

D O R N A



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017
© Xunta de Galicia, 2017

EDITA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

ISSN 0213-3806
ISSNe 2340-0099

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 40

2017

DIRECTOR: Ramón Lorenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos, Lorena López López, Mario Regueira.

SECRETARIA: Alba Cid

COMITÉ ASESOR: Juan Viaño Rey (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), María José López Couso (Decana da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do Pen Clube).

FOTOGRAFÍA: Sonia Marpez

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Antón García

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705 Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: dornausc@gmail.com

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, preferentemente acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



DORNA

Vol. 40 (2017)

FE DE ERROS

Por razóns alleas á vontade do equipo de redacción de Dorna, omitiuse o nome da tradutora dos poemas de ANNA WICKHAM

FE GONZÁLEZ FERNÁNDEZ na sección «Voces de fóra»

O nome da tradutora debera aparecer nas páxs. 78 e 110.

CREACIÓN

NOVA

Afra Torrado

espiño

I

amencer no monte
coa pel rota
rodeada de espiños

mamá fala diso
da crueldade das puntas oxidadas
que se cravan ao que fora coiraza

en secreto

coma quen fai a equipaxe para fuxir
clandestina,
así,

alerta
afiamos coitelos
de pau

coas fiestras abertas óese todo

II

para os demais hai boca

III

a historia foi moitos anos atrás
cando aínda non había cables de alta tensión
nin antenas
nin eucaliptos

a historia perdeuse
e foi morrer ao mar

elas falan
da crueldade do home
e seguen arrolando nos seus brazos
os que aínda non se mancharon

co sangue que cobre este coitelo que roubei
nunha mañá nacarada.



Alba María

Fronteira

Está moi lonxe este serán e agora.
E agora que, co mes enteiro nas pálpebras.
E agora comezos no chan de espuma.
Agora que se sabe dos pronomes (nada).
Agora nos adeuses e nas tellas
colocar unha chuvia e a pinga de auga.
Agora que, latexando a mesma mesa
no peito das casas.
Se cadra filmar horizontes para o río.
Agora? A promesa verde das lilas,
as prosas por entregas,
o son xunto á fronteira dun sorriso.

Alfonso Pexegueiro

HIPATIA. AO ATARDECER, O NADA*

Moi forte ten que ser o corpo dunha muller para soportar toda a historia do home, Chal; forte e fermoso.

Aquela noite non sei por que razón vinte en carne viva, chorando. Debo recoñecer que me estrañou. Estabamos durmindo. Ou eu durmía. Case dende o principio agradoume a idea de durmir en camas separadas. Permítenos a liberdade de suar ao noso aire. Cando nos apetecía, un ía á cama do outro. Nunca vin nada estraño ou raro nesa separación dos espazos conxugais. Aquela noite despertáchesme. Despertáronme uns suaves saloucos, coma en soños. Pero non soñaba. Volvinme cara a ti. Contiven a respiración. Erguinme un pouco. Eras ti. Chorabas. Xemías.

Eu. Ninguén. É inútil recoñecemos.

Quixese non ter nacido, e, porén, aquí estou, empuxándome. Transcribome en soidade. E foxes (fuxo; ou inténtalo) ata os teus (que non o son) e que xa desapareceron polo tempo, aquel pasado. Entón refúxiaste nas teas de araña infinitas tecidas para a soidade do medo, que é onde me atopo. E aí permanecemos ata a morte. Non.

Oínte chorar, Chal. Senteime na cama. Estaba espida. Por un momento pensei que nin a ti mesmo che interesaba o teu choro e que non era máis ca unha forma de ouriñar. Choras por impertinencia, coma unha nena caprichosa. No entanto, pensei nos nenos e decateime de que os nenos e as nenas, polo xeral, nunca choran porque si. Entón, que facías co xemido, voar ou arrastrarte? Que baleiro nos oculta a beleza, o amor? Que abismo?

Poida que o da nosa intelixencia. Nese abismo de angustia abandonámonos igual que a serpe pitón se abandona na súa forza. Intelixencia e tempo, corpo. É como se a cobra fixese un deus do seu veneno. Baleiro. Dúbida. Como se a boa especulase coa súa forza. O músculo da estupidez. Vivimos descompensados. E compensámonos matando. Horrorizando. Humillando. Exhibindo a nosa estupidez con formas ostentosas que non din nada bo da nosa especie, Chal. Sería terrible e quizais repugnante vernos de repente en carne viva?

Erguinme, e fun ata a túa cama.

Por que choras?

Non o sei. Non o podería explicar —faláchesme.

Acariñeiche a cabeza e bicaches as miñas mans.

Que terrible é significar só a pel, Chal!

Que?

Nin tan sequera eu mesma me decatara de que eu dixera algo.

Oh, nada —respondín.

Protexín os meus pensamentos. Non me fiaba das túas lágrimas. Debaixo da nosa pel tamén temos un mundo, Chal. Un mundo marabilloso que nos negamos a aceptar e compartir. Darlle todo o protagonismo á pel externa (existe unha pel interior interior, viva), á máscara, ao ficticio, á farsa, é un dos erros que non sei se o ser humano poderá xa remediar. Por que non me fiaba das túas bágoas? Sabía que ata un asasino pode chorar. Sabía por experiencia que as lágrimas ás veces saen como desafogo, pero que non significan gran cousa. Son simples reaccións químicas. Ou algo que tropeza co noso pequeno manancial oculto e fai unha brecha. Un sentimento que rompe. Unha emoción. Son coma pequenas bolsas de chuvia, coma correntes de auga subterráneas, ás veces necesarias, e outras só forzadas, para querer dicir algo que non conseguen dicir.

Durme —dixen, sen deixar de acariñar a túa cabeza—. Mañá tes que ir traballar.

Si. Grazas.

E volvín á miña cama.

Acostumarnos ao baleiro, ao medo e ao sensentido das cousas é tan fácil. Quedaches durmido. Eu non. Pero eu non tiña que ir traballar.

*Restos (ou naufraxios) de *Hipatia ou a idade das cousas*.

Sen *temblaxe* (humillar sen *temblor* na linguaxe)*

Acertaría a linguaxe co corpo que escolleu para falar (lle)?

Ordenáronnos, nalgún *lugar* do noso ser (corpo-linguaxe-memoria) (desexo), que o noso fin como seres humanos é ser poderosos (xefes, amos) para deixar de *temblar*. E executar (sen que nos *temble* o pulso). Humillar ao outro. Eu son superior (resulta curiosa a aplicación desta palabra: vai ver ao *superior*).

Incluso os criterios de valoración dos obxectos que rodean a ambos serán xerarquizados: casa, coche, vestidos, arte, figuras, formas...


Os pobos (as persoas) que se cren superiores aos demais coñecen ben o *sen temblaxe* (aínda que *temblen*)

Ao pobo covarde non lle serviu de nada o *sen temblaxe*. Ao final atopárono só, sobre unha rocha, devorando os seus fillos. A rocha servíalle de ventre para parir e de tumba para morrer.

*

Que significado pode ter aceptar a *imaxe* daquilo que rodea a nosa frustración? Un xeneral que nos invade e ordena matar; un ditador que nos utiliza, engana, humilla e devolve á brutalidade; un groseiro empresario ou banqueiro que somete todo, todo! (polo principio do mercado) ao económico, á cifra cega, á ganancia estratexicamente ordenada en forma de loucura que non o parece, á brutalidade da aparente coherencia dunhas cifras que asfixian o principio de humanidade. En definitiva, que significado pode ter ese *heroe* sacado da nosa covardía, da nosa incapacidade de vivir, da nosa ignorancia, do noso odio ás cousas, do noso resentimento...? *Heroe*, por outra parte, que non pode existir sen o noso baleiro (aburrimiento): ese desprazamento cara ao oco, ese oco... onde *el* instala os seus ovos, os seus piollos patos. (Eses ocos recheos de covardía, perversidade, onde aniñan, onde deixamos que aniñen o horror e a mentira, o maltrato, a crueldade, o crime)

*Resto (ou naufraxios) de *Dados blancos*.



Carlos Negro

Debuxos desanimados

Como che foi, Shin-Chan?

Tiven os meus días de gloria, e ata fun unha estrela da tele,
un fervello do máis retranqueiro. Pero iso foi moito antes da crise, antes dos despidos e o paro, das portas que se fechan de golpe.
Agora traballo sen contrato fixo, reparto *sushi* en moto, sen casa de meu, sen cartos, sen chan onde caer de morto. E o neno que fun xa non xoga nin sabe se é real o que soña ou só debuxos desanimados.

@shinnosukenohara_94

O peto máxico

Leveite de viaxe pola cuarta dimensión. Abrín portas
marabillosas a outros mundos. Inventei máquinas voadoras,
gorrocópteros.

E ata descubrín uns zapatos que entran nos contos. Pero fracasei no máis
importante, Nobita:
no trebello de falar galego cando medres.

@gatocósmico_79

Plurilingüismo

No *Xabarín*, chamábame Son Goku. Pero
agora no instituto,
Soy Goku
e na conta de Instagram,
I'm Goku. Daquela,
de quen veño sendo?

@dragonball_97

O asasino silencioso

Caso resolto era o peche perfecto
e os adultos quedaban apampados. Un detective en idade
de instituto,
o sabuxo que descobre a verdade. (Por raro que semellase,
así era). Pero a fama esvaeceu de vez, foise.
Agora son un cidadán de Toquio con horas extras dunha
vida gris.
Quizais como vos pase a case todos, cústame recoñecer o
culpable,
o criminal máis perfecto que existe, ladrón a furto de horas
e de soños. Porque xa non volverán para nós aquelas
tardes do *Xabarín Club*,
cando a hora da merenda era sagrada e a vida, un verán de
doce meses.

@conan_edogawa_94

Selfie

Se cadra eu non son unha nena que vive en Vila Pingüín coma outra nena calquera que ten trece anos e quere divertirse e pasalo ben coas amigas. Se cadra o mundo no que habito non está feito por un deus marabilloso, senón por un inventor medio toleirán coma o coitado do doutor Slump.

Se cadra eu non sei aínda nada da vida e ando a pasmar con unicornios.

Se cadra as mozas temos que ser obedientes como androides con cables e debemos seguir caladas a botar remendos nos calzóns dos nosos homes. Se cadra o universo non funciona ben e os adultos non saben como amañalo. Se cadra... eu podería ser un robot inmutable, a máquina do código de barras. *Pero eu sei que non nacín para recibir ordes dos humanos.*

Pero eu sei que dun berro podo reventar todos os se cadra.

Así que ide tomando nota:

eu son Arale Norimaki, filla de Sembei Norimaki, mellor amiga de Akane Kimidori. Repito: eu son Arale e síntome vizosa e superlativa.

E coa miña forza podo tronzar unha árbore dun golpe.

E coa miña intelixencia calcular as coordenadas do infinito. Cando pases por aquí, faimo unha visita, habémolo pasar xenial.

@illadegengoro_80



Chus Pato

Onde o soño te alza es menor que o tamaño dunha flor
non sendo que o vento rice a herba

onde a pedra se ergue
estás diante das portas do mundo
aí estendes a mao
aí contemplas

de cinza branca
de madeiras claras de luz
das distantes

como as noites que se cruzan a nado

nas extremas do infinito

Voces trotan na menteprimavera
entre verdor e flores
os merlos
entérranse
na alta herba de maio

carne de tribunal a fantasía
carne de presidio

baixo a herba
os sexos sapiens sapiens

din don din don

Profundidade

calquera das celas Beckett
ou Daniel que partillou foxo cos leóns
tamén metáforas bélicas
todas as pontes foron voadas

ao nacer un ollo carece de mirada
son os límites, as formas:
dúas palmeiras que sobresaen nun parque de vexetación autóctona
todos os carreiros de buxo conducen ás múltiples vidas
cada ramo desmente o futuro pactado

esa vida
madre
a que tiveches antes de concibíresme
a que aínda agora corrixes día a día
por ela, son ceibe
por ela podo entregarme ao que non se preveu
ao que non pode ser previsto?
nela nunca sería o abandono
eu non vería a luz

rirás
nai
cando eu morra?

son moi xentís as palmas
coma un verao lendo sobre a meseta do Karoo
e o prezo da la cara 1955

para vivir, para vivir

a noite
as estrelas

para iso

Amaba as cidades
amaba aquela cidade

amaba as pontes e a vexetación que medra nas pontes
amaba as lavandeiras cazando sobre as augas
as piscinas desertas

amaba ferozmente esa cidade

a penumbra
os cabelos
coma nun lenzo de Rubens
e a morte que traballaba nelas

amaba
sobre todo
amaba os bosques

xiraba a cidade
como as cadeas dun carrusel
como os meridianos
desde a Xénese

por ela
calzaba sandalias no verao
e zapatillas de lona extrema no inverno

cando escribía
o que desaparecía non era o viaduto
restaba
a vertixe que sostén o peso das vías
e os zagabundos que miden a imposíbel humidade do éter

non de xeito distinto se desprega o arco
e se desdobra o corvo mariño sobre ás crúas, xélicas

nas invernais

na amplitude do mundo

pasa o tren
sobre as augas

Poemas pertencentes ao libro inédito *Un libre favor*

Daniel Salgado

Ensaaios

IV

“amarga é unha palabra pequena de máis”
explicábase xa vello álvaro cunhal
“para falar da miña derrota”

ningún continente resiste semellante deriva
ningún idioma sabe
onde rematan os seus poderes
ningunha palabra é grande abondo

a lingua móvese entre a noite e a néboa

V

entre o que é xusto / engades
non se contan os compromisos podres da linguaxe
a quen obedece o poema / preguntas
como a sintaxe pode evitar a corrupción

capturas unha verdade
que viaxa dentro do idioma calcinado

a época excédenos
converte os nosos brazos en cristal

pensa en nacións derrotadas
en lóxicas alleas á materia esgazada

as palabras non abundan
escribe o poeta
para dicir a totalidade desta noite
nin nós adiviñamos cara a onde pode conducir
o abandono de toda esperanza

VI

ninguén entende a terra
a súa dimensión material
a herexía da pataca

a natureza resulta hermética
para quen non sabe ler
máis ca na superficie queimada

para nós / vencidos

o seu idioma responde
a unha lóxica escura

enredados neste silencio denso
non detectamos
o punto en que o sólido se esvaece no ar

non entendemos a terra
nin a dureza da súa verdade

VII

no territorio da usura
a linguaxe esvara

ningunha hipótese o explica
pero a linguaxe esvara

resístese a nomear o colapso
enreda nas madeiras do bosque ardido
denuncia a súa propia impotencia
á hora de se enfrontar á luz peneirada polo vidro

as metáforas permanecen ocultas nos restos da batalla
e unha escuridade total define o espazo
a terra / os corvos

a capacidade para artellarmos respostas
ao enigma da mercadoría

o territorio da usura
imaxinas
é o que se abre entre os obxectos e as palabras
no tempo roto / ese

VIII

a linguaxe tamén arrastra
o peso morto da historia

as horas empregadas en negar os metais preciosos
e a luz filtrada polas cortinas

a impugnación da nosa facultade
para enxergarmos a cidade / para
falarmos ao mundo con mestura de temor e esperanza

a linguaxe arrastra ruínas e por iso
é incapaz
non dá e admíteo / depón as armas
sábese consciente do seu papel
no estadio actual da loita de clases

nota/claro
o peso morto da historia
e todo ese fardel de exilios

IX

dentro dunha lingua corrompida
entre as frebas dos días que arden
e o colapso total do principio esperanza
contra a parede
é como se vai escribindo o poema

coas dificultades propias
dunha terríbel derrota histórica

no fondo do fondo do océano

a ausencia de voz e o silencio dos obxectos
falan ao caso: o idioma vencido

as preguntas inútiles
unha linguaxe infectada polo mercado

somos isto e temos medo
insistimos
e non abonda o abraio

X

o obxecto de reconstrución
é a propia linguaxe

o que nos foi roubado

ese espazo onde nada se identifica
e acurralado o idioma non dá feito

os cachizos da historia
entullan as posibilidades do poema
a súa exactitude

os seus mortos

irreconciliábeis / indefinidamente
os días e as nosas razóns
a idea exacta do que pode acontecer
esa dureza eterna das palabras
ese sol negro

a cinza sen ouros / nin rastro de civilizacións antigas
a propia linguaxe reducida a ruínas / finalmente
a escasa distancia da extinción
entre a derrota do traballo
e a inexistente piedade do capital

Estes poemas fan parte da serie *ensaíos* (2015), que se publicou
en edición limitada de artesán da man de Inés de Castro



David Miranda

Incipit

Abriu os ollos hai tanto tempo
e aínda non entende o que ve.

Pouco a pouco
a claridade convértese nunha sombra opaca:
non pode ver o que non entende.

No fondo nada cambiou:
a mesma escuridade.

Unha idea de eternidade

Quero atrapar un anaco de vida.

Gardalo nun espello. Contemplan
como se repite unha e outra vez.

Recitarei de memoria as palabras
imitarei con soltura os meus xestos.

Pecharei os ollos e volverei crer
que o reflexo son eu
aínda que xa non o sexa.

Sagrado corazón

Toman de novo a palabra
os cíclopes do ollo cego.

Altivos na escuridade
camiñan ás apalpadadas

e pensan que é pedestal
a madeira que cargan con esforzo.

Tras o seu velado ollar
palpita un corazón sempre pechado.

A gaivota

Cando chega o ladrón dos sombreiros
o sátiro dos paraugas
temor das raíces das árbores
a gaivota non se esconde.

Sae para xogar co vento
coma se fosen amantes.
Baila con el.
Deixa que a súa forza a leve ao alto.

E aproveita tal impulso
condúceo coas súas ás
brancas e fráxiles coma o papel
para moverse suavemente polo ceo
dirixida e dirixindo ao mesmo tempo.

Ícaro

Quería ser un paxaro
e como non podía voar
adicouse a comer faragullas.

Explicit

Non esquezas que algún día serás
pergamiño gastado, no que apenas
se poderán ler as palabras
(desexo, tesouro, esperanza...).

Nos seus pregos arrugados a tinta
ameazará con desvelar, por fin
a xa indeleble e derradeira frase.

Dores Tembrás

a distancia
sigo os teus dedos miúdos
moverse polo taboleiro


a contracción no rostro
se quedas atrás

outros pais
despregan
verbos coma fustas

blindarte

quería aprenderche
coma fixeran comigo de nena
a verdadeira vantaxe
sobre o adversario

na casa
a derrota
sempre igualou en valor
á vitoria



Tetraloxía da Procura Afectiva

I.

Facer a radiografía
do que hai máis alá dos ósos
Das cuncas que quedan
amoreadas
ben de mañá

Medir
a radioactividade
que fica
na louza
contando historias
de amor
e mutación xenética

Eu son
o reactor nuclear
desta casa

II.

Introducir pequenas cantidades
de melodrama
no día a día

Poetizar
profetizar
e dramatizar

Es desa xente que bota
o leite antes dos cereais?

Oxalá que non

III.

Inspeccionar

os armarios

do baño

[en modo pitonisa]

para revelar

canto de psicótico

ten o afortunado

O cepillo de dentes

parece bastante novo

[as cartas] din

que iso é

medo ao compromiso



IV.

Tomarse o pulso

Que soe coma unha canción

de ABBA

gimme, gimme, gimme a man after midnight

E darei aguantado

esperto

ata tan tarde?

Lucía Aldao

O silencio e a vergoña son amigos dos meus amigos,
entón fai falla unha machada que aguice a estaca,
unha vida perdida e a súa reconquista,
abolir o espello dos portais das rúas
e dicirse sangrando:
os amigos dos meus amigos son os meus inimigos.

Nacín aquí.
Para definir nacionalismo apelo ó meu corpo.
A miña infancia foi exactamente igual que a túa con mil peros
e unha guerra crónica que eu remato amando.
Ser, parécese moitísimo á figura dunha tarasca que agora adquire forma de poema
e dáse o recorde por resolto na medida do posible
porque (e isto sábeo todo o mundo)
a vida ten de seda o que de seda ten o sarrio.
Pouco máis lle queda a unha que asumir
que a identidade non veu para quedar nin marchou para marchar.

E así, cadaquén co seu cancro, sucede.
Mudouse o monstro.
Todo o que eu tiña rouboullo ós pobres para darllo ós leóns.
Faime a mesma pregunta todos os días:
Que se quero, ou que se teño?

Manuel Xosé Neira

Collage cultural

- Unha lúa semi-industrial –e de servizos– furada, batida (sulcada) por avións caóticos.
- O rusófilo Manteiga rexentou en Campo Castelo de Lugo unha tenda de gramolas, de pick-ups.
- Un carro de xestas olorosas no labrador con abarcas (o Numa) benetián, perfuma a tarde contra o Disiclín.
- Unha rúa centrosa e desubicada en honra a Pablo Picasso.
- Un río de herba (Baixeras) onde pinta Camille Pissarró, riela romanticamente.
- A aldea de pedra boísima, verde e coruscante, fina, do binomio Risco – Filgueira non se topa nos pazos senón na miseria – Castelao (Abscóndita miseria – ética Castelao).
- Servilismo a Versalles no pazo.
- A vulgaridade, mediocridade do cotián, a miseria do cotián:
Estás coma unha cabra! Aumentado polo fútbol.
- E Ramón Lugrís? Dixo Ramón Piñeiro:
–Fíxosenos internacional na BBC de Londres.
- E Fole fai o fatiño (se cadra ben feito) co xenio Lorca nos ilustrados anos 30 no andar de don Ramón Martínez López en Quiroga Ballesteros con cocktails de limón, laranxa e muffins ezrapoundianos.
- Don Ramón Martínez López xa estaba a favor de Cuba, libre de vicio. Un compás perfecto, unha paralela, unha perpendicular.

- Erotismo Piet Mondrian (din os manuais: sempre igual a si mesmo).
- Inquedantes merlos bergaminianos (recoletos e domésticos) proliferan nos parques contra o garbanceiro gorrión pardal, como en zapatillas.
- Intre Malevich en Galiza (ou sexa que reve, vai a menos. Comprobábel empiricamente).
- Alberti, Rafael: ir a menos para ir a máis, vendía manuscritos persoais. Tiña necesidade.
- Dixo o meu amigo Dimas González Bennet: –Eu tomo Marqués de Riscal. E o tío do músico Ezequiel Orol leva as sobras do descafeinado no peto, o sobre como última resistencia bohemia.
- E Anxel Johán pasou un tempo comendo mondas de patacas, tan só, conta Manuel María.
- Mulleriñas en bicicleta como en Amsterdam e mozotes fortes *hippie-pijos* con cadelo inglés.

É todo.

Postdata: Orixinal débese grafar Oryxinal (Carlos Edmundo de Ory).

Os aldeáns (Cáccamo) toman cubatas que nada teñen que ver con Cuba libre. Eu: vodka ruso con lima. Aldeáns pouco transparentes.



María do Cebreiro

A folla de papel

O que dicimos non vive nas palabras, vive no territorio que xoga a dividir a herba das estrelas, na fronteira que pecha e abre ao mesmo tempo as vintepico letras do alfabeto e as recorta a cada impulso dos dedos como se fose unha daquelas vellas máquinas de escribir, unha ametralladora ou un *bulldozer*. “Porque hai factores como o tempo, a relación entre as mans, a separación dos dedos e as relacións de frecuencia entre as letras que determinan a nosa posición ante o teclado”. Proba a rachar en dúas metades esta folla. Aínda a poderías ler. Teríamos que rachala nun cento de pedazos, e logo eses pedazos noutro cento. E se ao cabo, a identidade de calquera de nós é reducible a unha ducia de relatos e a media ducia de cantigas, por que non rachamos esta folla e buscamos en nós o cento de fragmentos que nin na escola nin na casa nos aprenderon a ler? O vello profesor irrompeu no despacho e dixo que había papel atascado na trituradora, e eu cavilei na música das follas ao seren devoradas e vin niso unha imaxe do atronador ruído do universo. De que nos serve a lingua, seguí eu, se non é con ela, senón coa memoria coa que podemos lembrar, aproximadamente, a letra dunha música ou o olor dunha pel? Dicimos que a función do medo é avisarnos, pero as frechas non teñen sentido senón dirección, e a angustia non sinala cara a nada que non cadre punto por punto coa nosa propia angustia. E que parte de nós pode recoñecer a quen de noite atravesamos os nosos soños? Como é capaz alguén de entrar en nós? O escritor apareceu no medio da noite e díxome: “agora xa es capaz de escribir sen técnica”. E eu respondín: “oxalá fose certo”. A técnica é ao poema o que a soberbia á vida, de non ser que aprendamos os versos de memoria (unha cousa que case ninguén fai) e os levemos ao fígado, ao corazón e aos riles, onde ninguén, até que chegue a nosa morte, as poida destruír. Quen ama escoita a voz, non as palabras.

Así aprendemos a distinguir os sacrificios que o amor realiza dos sacrificios que realizamos en nome do amor. E agora colle a folla e rómpea para sempre, ou faina arder a modo até volver de cinza as letras e de pó o vento que fai tremer as liñas, até que xa non queden nin técnica nin poema e das túas mans saia voando o único que non pode conservarse, o único que paga a pena conservar.

INTERFERENCIAS NARF

Prezado Narf

No 1801, Thomas Young fixo pasar un feixe de luz por dúas fendas paralelas.

Un feixe de luz

serviulle á ciencia para demostrar que se pode ser onda e partícula ao mesmo tempo.

Iso é a dualidade onda-corpúsculo.

A literatura só pode supoñer que aquela era, por exemplo,

unha fermosa tarde de primavera.

Así que foi cousa de Thomas Young que ti e eu nunca chegamos a coñecernos.

Por iso eu prefiro a literatura.

A ciencia ben pode demostrar que,

malia compartirmos interaccións

—interferencias no experimento de Young—,

nunca colisionamos.

Nunca foron presentados —din os físicos— e a ciencia non pode facelo xa.

Porén, a literatura...

Para iso foi escrito este poema,

que comeza coa caída do muro de Berlín. Foi o ano da mudanza. Eu tiña dez e ao meu redor todo era ruína e temor. Ti tiñas Compostela, os Quinindiola e unha mocidade despreocupada. Nese cuarto onde unha luciña vela o medo á noite está a piques de comezar a nosa aventura cuántica:

Todo foi culpa de Reixa e de meu pai. Estamos no ano 91 e os reises tráenme unha tele que vemos dende a cama. É grazas á literatura e non á ciencia que neste poema nos podemos permitir ver Sitio Distinto a noite que Xelís, Sendón e ti facedes o *playback* de Mentiras. «Furor de Botafumeiro» di de vós o presentador. Con 12 anos é imposible esquecer esa frase.

A cousa anímase no seguinte parágrafo. Chévere estrea Annus Horribilis e eu 15 anos. Unha semana antes do meu aniversario, Kurt Cobain rebenta a tapa dos miolos e chapuza a toda unha xeración. Ti xiras cos Chévere. Eu vou por primeira vez ao teatro sen mamá, cos colegas. Na función de Cee hai tan pouca xente que a compañía xoga unha pachanga ao fútbol cunha chavalada que chega en canto abren a taquilla. Somos nós. É demasiado pronto para que nos coñezamos, mesmo neste poema, e como adolescentes que somos, nós ansiamos a escuridade da función para morrear na última fila. De modo que despedámonos con vergoña e entremos na sala.

É mellor agardar ata o 98, o meu primeiro ano en Compostela. Aproveitemos que vivo no Carme de Abaixo, moi preto da Nasa na que tamén tes parte. No poema podemos dicir que na porta de Filoloxía fumaba apoiada sobre un cartel da Psicofónica de Conxo e mesmo ir máis aló e pensar que de volta á casa nos cruzamos polo Pombal. Mesmo podemos acudir á mesma mani. Xa postos, que sexa aquela na que protestabamos á porta do teatro porque montaban a Valle en castelán.

Aproveitemos o final da década para vernos, por exemplo, nalgún 25 de xullo en Mazarelos, con Suso Vaamonde facendo semblanza da disputa que ten cando lle falan de España. Nós apertémonos na barra, cóbado con cóbado, agardando por un pan con chourizo.

Neste poema mesmo temos liberdade para cantar xuntos Grândola ao peche do Tarasca, pode ser despois dun recital de Letras de Cal ou da presentación da vosa «Psicópolis, a cidade mental». Se prefires a luz da mañá, podemos traer a esta estrofa o 4 Ventos e comer un bisté a través do que se visa o día —pero un bisté ao fin— e a cunca de caldo máis barata da historia. No poema achegareime á túa mesa e, posto que aínda ninguén nos presentou, pedireiche o xornal porque quero ler sobre a morte de Ángel Valente.

O importante do experimento de Young é que abre as portas á mecánica cuántica.

Segundo a mecánica cuántica, cando ninguén nos observa nin sequera existimos neste poema.

Por sorte toda esta xente venos agora mesmo nun bar que tivo Suso da Pousada baixando cara ao Sar. Temos que aproveitar aquel día para cantar coa porta pechada porque decontado virá o Prestige a cambialo todo. E despois só nos quedará a rúa, a rabia, as primeiras reunións de Burla no local de músicos ao vivo. Por que Miguel non aproveitou este verso para presentarnos?

Non importa, a esta altura do experimento está a piques de nacer a luz.

Será no 2004, o ano do Poc-Roc e do Roc-Poc e das estrelas que se poñan a tiro para o Sacocheo. Ti xa es Narf do sorriso amplo e a guitarra alegre. E aínda que pasan cousas terribles (unha foto nas Azores, unha mentira para José Couso, os trens que parten cara ao 11M) e mesmo choramos a Luísa Villalta, a túa ledicia resiste e non tarda en nacer o teu Mundocafé. Pidámoslle neste verso a Neno Escuro que nos presente, porque moitas tardes me dá té e poesía na súa casa da zona vella. Ademais é xa 2005 e nace tamén Aldaolado, e antes de que remate por que non nos xunta Uxía? Que ela traia á memoria aquela tarde que me cita en Crechas para convidarme a un acto no Principal, talvez así poidamos celebrar xuntos o fin do Fraguismo. Pero non, aínda temos que agardar a que Manecas Costa e ti vos xuntedes nos Cantos na Maré e corrades o mundo cantando Aló Irmao! Ou a que se


volva montar Salomé e lle fagas a banda sonora. Neste poema eu podería pedirlle a Carlos Santiago que nos convidase a un café xuntos despois da proba que non pasei, pero Carlos tamén prefire que agardemos polas Cores do Outono e compartamos brevemente escenario na Pobra do Broullón a onde Aldaolado chegamos exhaustas e tarde.

Tan tarde que a ciencia clásica xa non pode remedialo.

Só neste poema podemos deternos a conversar longamente.

Viaxabas polos Estados Unidos mentres escribiamos este último parágrafo. Xirabas coa amizade incondicional dos que che acompañaron na túa longa viaxe de onda. Facíanche festas, homenaxes. Ata unha estatua que certifica que es unha partícula arredor da que xira un gran mundo de música e alegría. Lá no fondo da miña alma viaxeira/ tiña un lugar para ti/ un bo lugar para ti/ eu vin para encontrarte.

*para Fran Pérez na súa primeira homenaxe, da man de Suso da Pousada
Boiro, 2017*



Marilar Aleixandre

meu pai fai 98 anos

cando se converteu
o extremo da beirarrúa
nun precipicio
no que camiñas esquivando
abismos

a distancia entre o portal da casa
e a cafetaría familiar
na que celebramos o aniversario
dez verstas na estepa
como as que percorrías esquiando
naquel inverno
 o paso de peóns
insegura ponte
pendurada sobre o barranco

e nosoutros contando mentiras
máis ou menos piadosas

cando as destras mans
de cirurxían
non poden abotoar
a camisa
 empuñan agora o caxato
que rexeitabas:
van pensar que son un vello

e nosoutros contando mentiras
máis ou menos piadosas

a rúa é territorio hostil
atravesado polas xistras de febreiro
vindas do Parque do Oeste
desde a parada do autobús

axexan os espectros
dos amigos mortos
 o ollo inmisericorde
do semáforo
cronometra o teu paso de boi

cal é o prazo
deste adiamento?
mides o futuro en horas
días
curtos como os teus pasos?

e aínda seguimos contando mentiras
máis ou menos piadosas


Paulino Vázquez

(A acacia, encontro con Claude Simon)

Para Alba Cid

Camiñan de noite, entebradas en nódoas de terra
como se se adentrasen no tempo, ou escuras entre a chuvia
as pálpebras cansadas, sen amparo nas gándaras, en silencio
escuras como as chairas que atravesan, os tremedoiros
procurando o que, deserto e sempre deserto, unha cova
nun outeiro, os acres sedimentos da putrefacción,
os ermos; camiñan ao empardecer por estradas vellas
envoltas na poeira, na lama dos camiños, na néboa
dos vales; acaso deixaron atrás un pazo abandonado
a friaxe das fachadas e dos portóns fechados
un pardieiro, unha chousa no medio do monte, unha alquería
ou un alboio onde pasar a noite; acaso os cans latían
nas aldeas, o fumegar das tellas termando do frío
Camiñan na noite, as corgas ábrense como cicatrices
atravesan devesas de cinza, os últimos cavorcos
medas aterecidas; pousan un feixe ao pé dun valado
crepitan as raíces das carqueixas baixo o sol
escoitan o grallar dos corvos nunha cañota
nas gabias retórcense como cóbregas as vides
os acios ocultan corpos insepultos, inertes
o inverno detense nos piornos, nas pozas
unha escama de sal semella o pardomonte
as touzas, quéimase a roda das estacións
como o tempo mesmo, como se o tempo estalase
no lume das rozas, nas herdanzas de centeeiras
Atravesan a noite, a xeadá esculpe as senras
as searas, o vento talla o inverno na friaxe das pedras
os panascos esgázanse con cendais de brétema
procuran acobillo pra durmir en alpendres
nalgunha casarella abandonada, en casais
derruídos, ás veces descansan nos faiados
a luz das touzas queimadas nos estíos
abate o acougo, calquera repouso no humano

Paran nas encrucilladas, nos estanques de cemento
ollan os restos de osamentas, as escamas das vértebras
os fósiles, a cerna da materia incrustada nos vermes
as estrías de podremia na costra das caveiras
axotan mouchos e noitebras, saben que entran na noite
saben que a dor estiña, que ninguén as pode escoitar
senten o espesor do tempo, os espesores da morte
ante unha tumba aberta, algo como un muro
contra o que baten, algo como raíces que se enredan
entre as maos, que lles contrae o ventre por carpir
na noite, que as acolle como unha boca baleira.



Raúl Costas

Tanatolóxico

O estertor coligarase
co réquiem
 no agre espectáculo
[de ver perecer ó resto]
somos reféns da eutanasia
e as candeas nos altares.

Hipocondría afogada
con placebo de liturxia
pra asimilar
 un pasado
extinto,
 un ser presente
ou un futuro inexistente.

As necroses apodéranse
da sinestesia;
aliénannos
so do loito, denegándonos
o cromatismo da morte.

A lembranza prevalece
derriba da sepultura,
porén,
tamén capitula
 perante o óbito.

As exequias dun martirio
soamente culminan nunha
exhumación con necropsia,
testemuño da carencia
de fe,

tralas mortes fértiles
os sacrificios dilúense
no devir,
 só a letra presa
 no poema pode perpetualos.

Os cadáveres non son;
inexisten
 no devir
non poden corresponder
 o amor póstumo.

O total converxerá
cara ao deceso,
 interpretase
nun matadoiro sublime
a produción en cadea

será o pulo dos suicidas.


Un número na lista

Serás unha foto de xornal, famosa por un día, Antonia. Tan só un número na lista. Haberá minutos de silencio, pancartas, palabras e máis nada. Logo, Manuel ha saír rodeado de fotógrafos. Tapando a cara con calquera cousa. Mesmo con aquela chaqueta que lle mercaras na feira, o domingo. Tan ben lle prestaba o azul mariño. Coma un señor. Sempre impecable. E pagador. Eu que sei... Disque non era malo, teimaban os veciños. Aínda que na casa tiña uns prontos. Todo era darlle un e varréselle o sentido, poñerse coma tolo. Encirraba por calquera cousa e logo... A primeira vez fora ao pouco de ter a nena. Estaba rosmando, porque chegara co camiión e ti non lle tiñas de xantar. A ver que vai ser isto! Ou quizais fora porque había patacas fritidas e un non andaba todo o día a traballar para comer calquera merda. Entendes? Ou... Ademais, estaba farto de cobrar cada vez menos polas viaxes a Barcelona, levando cuchos e traendo lavadoras. Demo de vida! Ser unha sombra do que soñaches! Así que levantou a man e chegou a ira coma un lampo. Ti quedaches calada. Talvez, sen saber a razón, procuraches algo que fixeras mal. Niso te educaran. En que te tiñas equivocado esta volta? Entón el achegouse chorando. Falouche do cansazo, do patrón que sempre degoira máis. Que se te pillan o radar, pagas ti a multa. Eh! Pero ou chegas a tempo ou liscas da empresa. Así que debías comprender. Non quixera, pero este mundo do carallo. Esta merda de emprego. Este salario dos collóns. E ti, Antonia, miraras nos seus ollos como quen fita o lume triste. Alí estaba o mozo que se abeirara a ti na discoteca. Cando había cinco anos te invitara a tomarlle unha. Deseguida non parara de subir a Golán para te ver. Dende alí albiscábase Compostela e o mundo todo. Penedías de mar na xunta da noite, tenzas con millo. As chemineas da incineradora a facer de bonecos de fume. Os seus dedos buscaran, nas bragas túas, bosques de sal. Os teus ombreiros desfacían agarrados ás súas poderosas mans, Antonia. E un día, acorados no bafo usado do seu Peugeot, pedírate para casar. Alí estaban aqueles ollos. Alí a incerteza da resposta. O lume quente co que te bicaba. Así que lle dixeras que si. Mesmo algo como, Manuel, como raios non hei casar contigo. Xaora, el tamén chorara, porque seica te quería de verdade. Gustáballe o teu corpo branco e o teu silencio de moza boa, ben criada, dicía. Adoraba afogar nos ollos teus. Así que aquela primeira vez que bateu en ti volviches agarralo e sentir os seus salaios. Pedíache perdón. Nunca máis había suceder, non sabía que lle pasara. Ao día seguinte levárate á Coruña. Virades unha película do Mel

Gibson: mancheas de tiros e persecucións interminables. El metérache man no cine como non pasaba dende había anos. Entón sentiches cóxegas felices no futuro. Ao volver, camiño da casa, parastes no Picón e volvestes facer no Peugeot lameiras sobre a pel. Parecía como se Manuel sentise o desexo de comezar dende o principio. Con ganas de recuperar memorias para sempre. Durante uns meses non volveu queixarse do soldo miserable. Do traballo que nunca remataba. Dos quilómetros que estiraban Barcelona deica moi lonxe. Ata que un día si que o fixo. Volvera coma tolo. Pechara a porta do piso facendo tremer paredes de papel. A nena chorara dende o berce. Ti, Antonia, saíras ao corredor para ver que lle pasaba. Me cago en Dios! Tirara contigo contra o chan. O sangue esvarara en regueiriños cara aos teus beizos. E ti que carallo miras? Eh! Que fas con esa cara de miñaxoia? Entón, Antonia, fuxiras cara ao cuarto. As ganas de chorar volvían as pernas varas verdes. O medo anoaba na gorxa laios sen perdón. Pechas a porta e escóitalo berrar. Acariñas a meniña. Sentes como caen os vasos. Como a louza escacha no chan en cadoiros que non cesan. Noxo de vida! Mira que botarme do traballo! E aquel estrépito de dor foise estendendo polo apartamento durante case unha hora. De súpeto, chegou o silencio e, cando ti saíches, Antonia, xa non estaba. Manuel volveu ao día seguinte, pola mañá. Trúxoche un ramo de flores tristes. Ti dixécheslle que non. Non querías agasallos na derrota. El axeonllou a súa mágoa culpable pretiño do teu colo. Despois volveu chorar. Chimpárano así. Coma a un ninguén. Mañá non volvas, Manuel! Claro, habían ter alguén ao que pagarlle a metade. Así que non volvas! Que che dean! E, ti, Antonia, volviches secar as bágoas desa dor inxusta. Deixaches a meniña na casa de teus pais e marchaches buscar traballo. Páxinas de xornal emprestado pola veciña, ETTs. Nalgures tiñas un título de administrativa, boas notas, as ansias de traballo rotas no asento dun Peugeot. Ao mes chamáranle da ITV. Terías que abrir fichas, dar a vez, atender o teléfono. O soldo, por suposto, fóra de convenio. O contrato a media xornada pero sen hora de saída. Aceptaches. Manuel non tiña traballo, a meniña gastaba moito e o paro non chegaba para nada. Á parte, estabas ti. Querías ter anaquiños da túa vida. Manuel non dixo nada. Marchou dando un apuxón. No *Sport*, arrimouse á tragaperras de cores e aprendeu polo xornal que a economía construía con el un país competitivo. O primeiro día que ti, Antonia, chegaches do traballo traías no peito escaravellos de ouro aformigando. Ganas de contar: un home trouxera un Seat precioso de máis de corenta anos, tamén houbera un mozo cun *piercing* no beizo que che chiscara un ollo. Ademais, aprenderas a desenvolverte no programa de citas de marabilla: F4 para un novo cliente, logo o código... Ficarán sorprendidos contigo. Pero non dixeches nada. Porque sabías que a Manuel se lle enzoufaría o sentido en dor noxenta.

Porque te ensinaran que non estaba ben parecer máis do que teu home. Porque crías que non se debía humillar o humillado. Con todo, o teu Manuel rompeche o nariz dunha puñada. Sangrabas moito. Deixaches de ver. Tiñas medo. Dicían que el, no fondo, non era malo. Pero que tiña aqueles prontos. Que dende que deixara de traballar a alma se lle envelenara. Porque estaba como ido. Corriches cara ao baño e secaches as feridas. El prendeu a televisión e, máis tarde, dende o corredor, pediuche perdón. Aquel día decidiches marchar. Ser dona de teu para sempre. Pola mañá, mentres te vestías, Manuel quedou na cama, durante toda a noite sentiras noxo do corpo que durmira á beira túa. Nervios ao pensar como farías. Tiñas que falar cos xefes e pedirilles un adiamento. Teus pais non entenderían que deixases a Manuel. Habédesvos de entender, nena! Hai que aguantar moito nesta vida, pensa na rapaza! O nariz estaba inchado. Doíache a alma e a cara estaba morada. Fuches amodiño ao cuarto da nena, vestíchela en silencio. Ela acordou mentres lle poñías o traxiño. Peiteáchela e décheslle un bico na fronte. Sentías respirar a aquel home no cuarto. Víñache á boca o seu sabor. Lembrabas as súas mans cando te desfacían en arreguizos e aloumiños. Querías esquecer todo? Ficar? Quizais fose posible comezar de novo? El tivera mala sorte. É posible que non o souberas axudar, dirían. Non. Agarraches a Laura e saístes á rúa. Aínda era noite, pero puxeches os lentes escuros, despois collestes o autobús cara ao polígono. A xente miraba para a nena recriminádoche tela alí a esas horas. A quen se lle conte! Sentidiño! Mestres tanto, ti ollabas a cidade húmida polas fiestras. Espreguizábase diante túa con cores laranxas e olor a café e sono vello. Estabas decidida. O polígono recendía a *donuts* e había colas ordenadas do enxame que acordaba. Na oficina, o teu xefe ollou cara á meniña como quen contempla un becho insólito, un extraterrestre chegado dunha galaxia sen nome. El, un pai de catro fillos, non podía entender que unha muller abandonase o fogar familiar. Iso non estaba ben. As mulleres quedades con todo. Menudo choio tedes montado! Bo negocio facedes a conta dos divorcios, baduou. Non é que el dixese que un home puidese bater nunha muller. El mesmo montara aquel negocio da ITV para que a súa puidese estar na casa sen traballar, vivindo coma unha raíña. Pero o de rifar... Iso era outra historia. Porque dous non discuten se un non quere. Debiades recapacitar. Pensardes no que fixerades mal. Poñervos a ben. Preguntarvos o que non vos chistaba no comportamento do outro. Así é como se arranxan os problemas nas parellas e no mundo. Niso consistía o que querías. Ou non? Noxo. Saíches do traballo cara á casa de teus pais. Dous buses e camiñar pola pista dez minutos baixo a babuña. Golán, ao fondo a catedral e o mar de Belvís. Deixarías alí a pequena. Non querías

volver coa nena. Mamá non entendeu nada. Logo ti retiraches os lentes escuros e ela quixo chorar. Non debía dicirlle nada ao papá. Ti habías arranxar aquilo. Falarías coa policía. Acabara. Repetían na televisión que había un número de teléfono para iso. Non dubidaches. E se Manuel te quería, preguntaron a un tempo as monxas da escola, as veciñas, a novela das catro, as cancións da radio escoitadas toda a vida. Tamén quere o aire á herba longa do verán. Acariñándoa. Facendo sombras transparentes nela. Cando saíches da casa de mamá, Manuel estaba aí, co Peugeot aparcado fóra da eira. Preguntouche que facías. O medo deixoute paralizada. Mentiches. Logo falou da nena. Ti explicácheslle que quedaba cos avós. Que lle viría ben ficar alí, tranquila. Que vós non tiñades nada que dicirvos. Golán era unha fortaleza rodeada de eucaliptos, coa Bocarría famenta alá embaixo. El miroute entre os fríos dos invernos. Si que temos que falar, berrou. Ou é que tamén lle querías quitar a súa filla? Que a filla tamén era súa! Ou non? Porque ao mellor non. A ver se ía resultar que a nena era filla da palleira! Seica el estivera mantendo unha pendanga! Entón lembraches o fume da incineradora facendo papaventos aí fóra. Pensaches nos seus ollos que te miraran ledísimos de amor. Nas mentiras que educaban. Nos aloumiños roubados tantos anos, Antonia. No día do casamento, cando te chamara princesa. Por iso apenas sentiches os golpes que caían. Os puños que petaban. Tapaches a cabeza. Logo caíches no chan. A viruxe da tarde ás veces movía o fume das chemineas cara ao mar, así que había vir bo tempo, dixérache el. O sangue escorregaba sobre a herba e o camiño. Pozas na praia onde vos amastes. Aquilo de aí é Venus, meu amor, isto de aquí o meu corazón. Que amodo cabalga xa o teu peito! O medo. Daquela, Antonia, derrubada, tes a certeza de que simplemente serás unha foto de xornal, famosa por un día, coma milleiros de voces apagadas. Tan só un número na lista...



Cigarros e paporroibo

O sétimo andar, o persoal sanitario dicía en voz baixa o seu nome, daba a indicación de xeito vergoñento. No enorme hospital das aforas, como un barco branco varado no bancal verde das leiras, o sétimo andar, o derradeiro, estaba destinado aos pacientes terminais de cancro. Ninguén está preparado nunca para achegarse a un lugar así, nin os pacientes, nin a familia nin tan sequera o persoal médico. Ves como a xente camiña polos seus corredores como se levasen chumbo nas solas dos zapatos, un paso e logo outro cara á afastadísima porta do cuarto onde quen queres agoniza sen sabelo. Porque a maioría dos corpos que se deitan nesas camas non chegan a decatarse da dimensión da súa derrota. Saben que algo vai mal, que esta vez non é como as anteriores, o afecto impostado e frío do persoal que os ausculta, que os apalpa, que os move cunha mestura de asepsia e de piedade. Os últimos coidados. Esta é xa a planta dun paraíso artificial na que os opiáceos campan sen taxa. Que non doia, sobre todo que non doia. Nas dúas semanas que permaneciches no hospital viches como tres compañeiros de cuarto morrían ao teu carón apenas protexidos pola intimidade dunha cortina pintada cos logos da institución sanitaria. Tres veces os estertores, tres veces a rápida limpeza do lugar, tres veces os berros das familias, alí, ao teu carón. E aínda así, aínda estar xa estabulado, á espera do garrote, non morrera en ti a esperanza. “Albricias” dixéchesme, a última palabra que recordo de ti. “Albricias” do árabe *al-bisara*, a alegría ante as boas noticias. Dixéchesmo en alto e rimos os dous, que palabra fermosa e rara! Mentres a pronunciabas recordaches os teus tempos de adolescente no seminario, unha palabra de curas, “albricias”. Por que esa palabra de xoldra, de contento, de alborozo? Sabías que morrías? Era por iso? A morfina en doses elevadas comezaba a facer o seu efecto. Ás veces perdías o fío ou mesturabas o tempo e as persoas, pero seguías sendo ti. Dúas semanas é un tempo demasiado breve para poder concibir o final. E aí estabas rindo e dando as grazas polas noticias, polas visitas. Había algo tan torpe en toda aquela situación, as mortes inesperadas son así, non dá tempo a adecuarse, a manter unha liña de conduta e a acompañarse co teu clan. Rías nervioso, atordoado, e ao teu carón os compañeiros de cuarto morrían. Nos corredores as familias pegábanse contra a parede para manter o equilibrio ou licuábanse no chan en pequenas pucharcas de dor.

Os días pasan moi rápido, a metástase avanza descontrolada, cómete, colonias de células migrantes rebentándote por dentro. Non sentes nada, non hai dor, gustaríache que algo te mancasse, saber onde está o problema, poñerlle un nome e pensar na curación. Pero ninguén di nada, es un paciente terminal, como todos os que agardan na túa planta. Ninguén ten esperanza. Todos teñen esperanza. Non saben. Ninguén define con claridade o teu estado. Escoitas evasivas, palabras brandas, inconcrecións. O medo vai prendendo, a angustia. Cada día apértasme a man con algo máis de presión. Cada día con algo máis de desespero. Xa sabes, non o dis, pero xa sabes que este é o final. A dez horas do tránsito do corpo que se deitaba ao teu carón entra un novo compañeiro, aínda novo. Chega acompañado da súa muller, aínda nova. Os dous choran. Non poden disimular o abatemento. El pide fumar. Ela respóndelle que non, que está prohibido. Fala do tabaco, explícalle que é pola súa causa polo que están alí, atrapados. El, cos ollos cheos de auga míraa en fite, mete a man no peto da zamarra e saca o paquete. Diríxese ao baño e prende un cigarro, axiña soan as alarmas. O persoal sanitario entra e recrimínao con dureza. Vergonza. Desesperación. Só pode pensar en fumar, en dar alimento ao becho que lle fura o pulmón, máis alcatrán chapuzar no alcatrán. Nos días seguintes compartiremos cigarro nos ángulos cegos do recinto hospitalario, no oco das escaleiras de emerxencia. Alí, os que van morrer apuran os pitos, dan caladas profundas insuflando todo o pouco aire que poida entrar nos seus pulmóns comestos e renegridos. Coma zombies cun feble álito de vida, arrastrando a percha do soro, vendados, perforados, cosidos, os corpos achéganse ao ángulo cego. Fuman con ansiedade, con frustración, ese hábito que os mata vai matalos, si, agora si, e xa é tarde de máis como para pensar en nada. Así paso os días, os pouquísimos días que quedan para o teu final. Fumando na escaleira con desafuzados que rin porque xa non esperan o milagre, alí sentados nos chanzos da escaleira. Sorpréndeme a dignidade do grupo que se axunta, o seu empeño por cantar, os chistes. Unha tarde entra un dos primeiros paxaros da tempada, un paporroibo á procura da femia. Voa en círculos no oco da espiral. Está desesperado. Unha e outra vez toupa contra as pequenas aberturas de cristal no espazo cego. Rebota, desorientase. Os enfermos conmóvense, organizan unha estratexia para lograr reorientalo cara á única abertura practicable. Fan acenos, lanzan as muletas, encaraman as perchas das que penden as bolsas de soro, todos buscan salvalo. Salvar unha vida, aínda que sexa minúscula, non é unha tarefa menor para un moribundo. Malia os intentos coordinados o paxaro continúa arrebolándose

contra a superficie do vidro, a cada embate tarda máis tempo en recobrase. De súpeto escoitamos un golpe máis seco que os anteriores, o pequeno esqueleto do paxaro non resiste, o cranio fende e o animal cae, vémolos caer polo oco da escaleira, coma un trapo de cores. Decido non volver fumar a aquel lugar, agora profanado. O compañeiro de cuarto do meu pai morre esa noite. Ninguén me pide xa cigarros.

A bruxa daquel verán

Non está ben visto ser bruxa polo San Xoán. Iso pensei agochada tras dun sofá vello mentres ardía a lumeirada que prenderan por min. Escapei da queima nun fugaz chiscar de ollos, e mentres a rapazada roía nas sardiñas e se puña fina (tanto que nin se decataram de que xa non estaba no curuto da tremoia ardente), lisquei discretamente do areal e interneime na xungla urbana na busca de vítimas para os meus ritos secretos, coa fin de volver ostentar o meu vello poder e gozar do novo despertar. Debín andar moito, porque da xungla urbana pasei a un lugar sen luces artificiais nin case que casa ningunha, pero pagou a pena: souben nada máis velo que buscaba aquel pazo. Son moi estraños os pazos de hogano, todos lisos e brillantes coma espellos, revestidos de vidro, pero ben se distinguen, polo seu tamaño e polas altas muradas que os defenden, das casas do populacho. Aos pazos modernos chámanlles chalés de deseño, e aquel en concreto era do señor do territorio, ao que chamaban alcalde, quen se converteu no meu primeiro obxectivo. En poucas semanas, cos meus enredos e atencións, conseguín que deixase na rúa á muller de seu e casase comigo, e tentei mesmo esgazarlle os escrúpulos para zugar das riquezas alleas que administraba e ampliar os cotos propios do alcalde aos terreos lindeiros, mais escrúpulos xa non tiña, e levaba tempo zugando das riquezas de outros, e tiña en segredo moitas terras que pensaba recualificar no seu proveito. Os gobernantes destes días parécense niso aos de días pasados. E vaia con estes días. A min, que me gusta a boa vida, e non me ía gustar, deixáronme encantada. Algo do que máis me encantou foi un grande invento, empregado moito por aquel alcalde, que chaman bolsas do lixo, que son coma sacas de ouro pero que non pesan, porque o ouro co que a xente satisfai nesta época o seu capricho son simples papiros de cores. Naturalmente, tentoume fabricalos, unha alquimia máis doada imposible, pero non sería tan divertido como acadalos do meu propio xeito, sen présa.

Sen présa, aprendín o que era un coche, carruaxe moderna, e a guialo, e comecei a viaxar no deportivo que o alcalde custodiaba nas cortes sen cabalo do chalé de deseño, e acendía o enxeñoso aparello de ondas de radio preméndolle un volume infernal en todo momento: a través del escoitaba música máis infernal aínda, que fala de dar gasolina, semente de lumeiradas, polo visto, e resulta deliciosa aos oídos. Tampouco me importou usar de cando en vez o coche oficial para ir ao salón de peiteados, e escoitar

murmurar ás veciñas. Envexa: que agradable propina! Mais axiña me vence a rutina e preciso emocións novas, e nunha destas mandei ao alcalde a por nécoras mentres o xentil mozo que é chofer da limusina me ensinou cousas coas que nunca soñara. Cousas como o que é un jacuzzi. Eu ensineille outras que penso que a el lle gustaron máis...

Logo de aprender sobre alcaldes e os seus chalés, bolsas de lixo, limusinas, nécoras e jacuzzis, decidín presentarme eu mesma a política, porque a ese alcalde por min engaiolado, tan sabichón e relambido, xa non o aturaba máis, que cría ser imprescindible para que eu aumentase a miña colección de papiros e contaba que tiña a tixola polo mango, como se as mulleres non fósemos quen de ser ricas por nós mesmas, sen homes coma el na vida. Transformeino nun sapo grosa e de engurrado papo. Por aí fixen correr o rumor de que marchara ás Bahamas coas bolsas de lixo cheas de papiros de cores, pero púxenas a recado no soto do chalé de deseño, abofé!

Aproveitei o ocorrido para arranxar un pacto co chofer, que saíu na televisión, que é como a radio pero mellor, vén sendo coma un espello con radio, contando cousas de nós e do jacuzzi. Algunhas certas, outras, non. Logo, fun eu á televisión a dar a miña versión ben diferente da del. Entraron máis bolsas de lixo na casa directas para o soto. O curioso é que aos da televisión non lles importaba que todo o que contei foi mentira, que é o que mellor se me dá, e pagaban aquel maná de follas de papiro por canta máis mentira mellor. Soamente dixen verdade cando me preguntaron polo alcalde. Comentei que debía estar a papar moscas no bordo dalgunha charca. Parecelles unha ocorrencia tan atrevida que asinei un contrato para compartir plató a diario cos maiores mentireiros da zona. Son coma grilos cando falan, todos a un tempo, todos con frecuencias agudas coma o fregar das ás deses bechos, e coido que imaxinei que algún día, cando cansara deles, os transformaría en grilos de verdade. Programa a programa, funme dando a coñecer e por fin, como planeara, sona por diante, acabei por meterme na política pola porta grande. Dubidei se mesturar política e televisión, pero ao fin rompín o contrato catódico antes de que a tentación de converter en grilos aos colaboradores fose a máis, que non era cuestión de chamar a atención sobre a miña verdadeira condición. Cando o chofer me pediu a parte do choio, polas mentiras que lle mandara contar na televisión, transformeino en grilo (é que xa tiña ganas) e puxen outro chofer no sitio, un máis novo ao que eu mesma lle din a coñecer as marabillas dun jacuzzi. Todos pensan que aquel primeiro chofer marchou cos cartos do programa. Ninguén se sorprende de que a xente lisque se ten eses papiros de cores ás mancheas.

Foi entón cando comecei a interesarme por indagar de onde saían en realidade esas folliñas de papiro ata chegar ás bolsas de lixo, porque non me vía farta deles, e notei que todos procedían dun sitio que chaman banco. Tíñalles grande cariño e estima, aos papiriños, e comecei a engaiolar o presidente do banco principal co meu carisma e unhas poucas artes secretas. El ensinoume as claves do negocio... e as da caixa forte. Logo, non sei como, correu o rumor de que o banqueiro partillara co alcalde fuxido as bolsas de lixo. Ben, quizais o rumor partiu de min. Ás veces, a xustiza humana é xusta, aínda que polo camiño errado. O caso é que o banqueiro entrou no cárcere o día en que eu gañaba as eleccións e quedaba ao tempo coas portas abertas daquel negocio bancario. Nin sequera tiven que empregar dons escuros neste apartado.

Á fronte do banco, mediante unha especie de consello de monicreques que liderei, inventei un método para aumentar o monte de papiros de cores que amasabamos no banco, que logo chamaron “preferentes” e chegaron a ser grande escándalo para a miña maligna satisfacción. Fíxenme rica (moito máis do que xa era) con tanto papiro xunto, e faláronme de non sei que tipo de folla de papiro máis dura, tarxetas de ouro negras, para clientes exclusivos ou non sei que gaitas, mais eu, a falta de ouro en moeda no que nadar, rexeitei a idea: polo menos co papiro a feixes podía facer un colchón. Que podería facer con esa tarxeta? Son anticuada niso, recoñezoo: gústame acumular riquezas: aínda que sexan tan volátiles coma estes papiriños tinguidos de rosa. Que ocupen espazo, ou?

Ben: xa tiña o soto cheo, así que din en cismar que se a maioría da xente cría que os donos dos papiros liscaban cando tiñan moitos, a algún sitio mellor marcharían. E informeime de onde quedaban aquelas Bahamas onde facían ao meu alcalde asapado. Non pintaba mal a cousa, e merquei un avión privado con menos papiros dos que caben nunha bolsa de lixo; un pequeno jet, que tampouco son de moito presumir. Podería ter enmeigado algún tipo de vasoira, pero aquela vida opulenta volvérame preguiceira. O avión levoume voando coma un paxaro (moito mellor cá vasoira, nin punto de comparación: o meu peiteado non se moveu do sitio en toda a viaxe) e descubrín o que facían os ricos nas Bahamas. Os homes rexouban e toman alcol coa escusa dun xogo que denominan golf, que é meter unha pelotiña nun buratiño o tempo xusto entre rexouba e grolo; as mulleres, en troques, déitanse nas praias a beber combinados de alcol e torrarse porque, iso si: alí é verán todo o ano. Pero eu só bebo nos aquelarres nos que invocamos ao Gran Castrón, e non era cousa de invocalo por erro aló nas luminosas

Bahamas, e tampouco son moi amiga do sol: déixache a pel fatal, por máis que sexa a moda lucir coma os caranguexos. Onde estea a pel branca, como a sagrada lúa das longas noites de aquelarre, que se quite o moreno dos aborrecidos labregos.

Como inqueda que son, axiña comecei a aborrecer as Bahamas e a sentir morriña das miñas orixes, esa patria encantada cos seus alegres días sen sol e os seus chalés de deseño cos sotos cheos de papiriños rosados. Deixei o jet no Caribe porque precisaba acción: lurpieille á limpadora do chalé de deseño que mercara na illa a máquina aspiradora e nela volvín ao areal do que fuxira había xa un ano; si, xa sei que son máis cómodas as vasoiras clásicas, pero era o que había. E aquí estaba de novo, e a rapazada volvía comer sardiñas e poñerse fina. Mais no cume da lumeirada deste verán non estaba eu, senón unha vella lavandeira á que unha vez, había moitos séculos, eu mesma lle roubara a barrela. Seguro que aínda estaba resentida comigo por iso. Sorrín ao lembralo, con certa morriña e moita chufa na expresión, mentres apertaba os brazos pola xeada desta noite de verán, que maldito verán é cando o inverno das Bahamas máis calor sementa, e xa ía marchar cando a lavandeira cheirou a miña presenza burleira (unha bruxa pode cheirar a outra) e abriu os ollos, que mantiña pechados para concentrar o seu poder e fuxir das lapas cando ninguén a vise. Séculos atrás arrincábannos os ollos antes de queimarnos. Interesantes tempos. Mais a lavandeira tiña os ollos enteiros e miroume, maldicíndome. Non a culpo: somos bruxas.

E para cando caín da burra, era eu quen estaba atada a aquel mastro diabólico, no alto dunha pira a piques de arder. Supoño que o merecía tras todo un ano de xudiadas. Mirei para abaixo e vin á lavandeira agochase detrás dun sofá escanastrado. Fóra do meu campo visual, xa non podía maldicila á miña vez, e só desexei que prendesen o lume canto antes: nas Bahamas adaptárame a unha temperatura de mojitos e hamaca e brisa mareira, e pensei nas bolsas de lixo cheas de follas de papiro de cores que deixara no soto. Cun pouco de sorte (e axuda pola miña parte), como eu acumulara moitos papiros e non puideran formar brigada antiincendios aquel verán, que lles prohibiran gastar os poucos papiros que deixara servidora no concello (deliciosos e diabólicos recortes) debido a que outro país gobernado por unha compañeira inventara algo chamado “austeridade”, prendería lume no monte sen limpar que arrodeaba o chalé de deseño e ardería todo canda min. Non querían lume? Pois habían telo...

Falando de lume, de súpeto, sentín estalar a base da lumeirada co estrondo doutro deses inventos modernos, a pólvora, e unha voz entre medias que dicía, rouca e bébeda, "Meigas, curuxas, sapos e bruxas..." e, á orde desa voz, ardeu o celme maléfico que me sostíña. A primeira desas muxicas voou lixeira a cumprir o meu último desexo arrincando as primeiras lapas no monte reseco e esquecido arredor da casa co soto onde durmían os papiros de cores como promesa dun inferno ulterior. Si, señor. Que satisfeita ardería ata o intre en que me reencarnase en gato, consciente de que a toda bruxa lle chega o seu San Xoán.

Mais, antes de arder, tiven unha derradeira visión e non puiden reprimir un berro de xenreira atroz que aos que alí se congregaban lles debeu parecer de agonía, mais quen lea isto que non se equivoque: o caralludo banqueiro saíra do cárcere cunha fianza millonaria (pese ao meu desfalco aos seus fondos privados, seica por dimitir do choio antes do xuízo fixérase cunha billonada) e estaba a rir mentres fregaba as mans no seu avión privado, camiño das Bahamas, arrodeado das miñas bolsas de lixo, que recuperara antes de que as lapas comezasen a lamber aquel chalé de deseño que fora a miña fortaleza neste tempo. Debéao transformar tamén en sapo cando tivera oportunidade...



Xavier Queipo

Metamorfose caracol

O vendedor de caracois ten os ombros cargados cun peso enorme, coma se levase a casa ás costas. Logo os seus ollos telescópicos, apagados, a baba que destila polas perfebas e os lentos movementos do seu corpo húmido confirman, con certeza de hipótese científica, demostrada, con abraio de teorema xeométrico, que el foi, nunha vida pasada, caracol. Non ouso desviar a ollada do apoio dos seus pés, sentindo en todo momento o engado dos seus ollos húmidos, sen pálpebras, cuns pregues que deixan e non deixan ver o globo ocular. De reollo presinto un pé único, musculoso, cilíndrico, que lle axuda a se desprazar pola plataforma elevada dende onde observa o mundo. Chisca os ollos mentres aspira os efluvios da cocedura dos moluscos. No chan da plataforma, espallado entre as salpicaduras do líquido grisallo que ferve aos borborotos, esténdese unha capa de serraduras de madeira, para que o vendedor non esvare na ocasión.

Sento nun banco da avenida, engulindo os corpos mutilados dos caracois, mentres leo un poema de Sakutarō Hagiwara, titulado, en tradución ao inglés de Hiroaki Sato, *"The late autumn": Autumn's evening sun scatters on the streets/cars and horses come and go on the pavements/and yet my life is there or is it not?*, mentres o serán de outono instaura a súa luz decadente. Xa non hai cabalos senón carros a tracción mecánica e os homes non son homes senón caracois que se moven lentos, envoltos nunha baba grisalla, que ollan para min e pensan que son un caníbal que se alimenta de crianzas, unha especie de pedófilo molusco que engole caracois coa axuda intelixente dun pauciño. Vou dixerindo os bechos visguentos e as olladas de ollos telescópicos.

Unha nube esténdese diante dos meus ollos. A bruma do solpor asolaga a avenida mentres as luces prenden soas sen ninguén que prema un conmutador. Sinto unha vaga de ondas que ascenden do diafragma, que me intoxica cun vocabulario indixesto, cunha sintaxe perniciososa, cunha prosodia vergoñenta, cunha ortografía inventada. Falo unha lingua musgosa, raspando as papilas da lingua que agora son placas, que agora son dentes, que rañan a pel da miña man, que fan sangue que muda de cor ao contacto coa atmosfera. Sangue vermello escuro, case cárdeno, gris marengo, azul cobalto, verde malaquita.

Os meus ollos queren saír das cuncas, doen, proen, conseguen estenderse apoiados en pedúnculos xiratorios. Podo ver diante e atrás. As imaxes amoréanse agora en colaxe de planos cruzados.

A noite xa entrou na avenida e xorden múltiples ondadas de adolescentes caracois, coa casa ás costas, cos ollos moles e o andar reptante, cos pés deixando un ronsel de baba espesa, averdada e fosforescente. Na plataforma o vendedor de caracois continúa o seu labor de cocedor de crías, que asolagan a rúa cun cheiro acre, invasor, espeso.

Non sei por que penso nas verbas que indican olores, na pobreza semántica dese vocabulario, o dos cheiros, pois sempre cheira, ole, fede a algo, por comparación, por antagonismo, por identificación, mais nunca cheira de xeito preciso, de maneira que os cheiros non teñen nome de seu senón en relación con algo, non son coma as cores ou os sons, que teñen denominacións intrínsecas, diferenciadas, obxectivas. Non sei como comezo a pronunciar unha serie de verbas inventadas: *dárico, unvico, sustivo, prólico, ansor, varisco, incouto...* para indicar así, nun manacial de agora, palabras escritas e inventadas para definir unha chea de cheiros específicos. Son convencións, palabras intuídas, creadas todas elas nese exercicio de Adán que todos os pobos fixeron para arquitectar o seu mundo. O meu mundo é o dos cheiros, o dos efluvios, o das enxurradas de sensacións olfactivas *dáricas, únvicas, prólicas, ansóricas, variscas, incoutas...*


Ninguén me entende, seino, é un código persoal, comunicábel se non fose pola comparación, pola relación biunívoca de impulsos e sensacións. Códigos persoais, se cadra, mais resístome a non ter unha verba para cada cousa e ter que me conformar coas paráfrases comparativas. Non cheira a mandarinas, cheira *dárico*. Non cheira a peixe podre, cheira *únvico*. Non cheira a graxa de porco, cheira *prólico*. Non cheira a xofre, cheira *ansórico*. Non cheira a lavanda, cheira *varisco*. Non cheira a suor fresco, cheira *incouto*. E se en troques de procurar uns nomes e unhas asociacións tan distantes, dixese que cheira cítrico, íctico, lárdico, sulfúrico, lílico, fétido. Teño que pensalo mellor. Non atino aínda, continúan a ser adxectivos xenéricos, estraños, se cadra tamén pouco explicativos.

Non sei cal é a razón última de eu falar de cheiros. Se cadra todo iso vén dos efluvios invasores da cocedura, do vendedor de pé único e viscoso, dos caracois que esvaran deixando pegada fosforecente, sulfurosa, fétida, nunha cidade de húmida amalgama, de fedores antigos saídos das brañas onde medraban lirios, onde chegaban os peixes machucados logo da

longa viaxe nunha gabarra ou nun carro tirado por bois dende o mar das pontes (Zeebrügge). Unha cidade onde as ratas expandían bubas, pestes e disenterías, onde Brueghel o vello deseñaba seres telúricos como o vendedor de caracois cocidos que ten os ombros cargados coma se levase a casa ás costas, como eu mesmo con ollos semoventes, telescópicos, como todos eses moluscos que avanzan polos paseos deixando pegada fosforescente mentres a noite xa entrou na avenida e o fedor da cocedura expande as súas ondas musgosas *and yet my life is there or is it not?*

*(Bruxelas, Agosto 2017,
dunhas notas atopadas nun caderno de peto)*





María Xosé Queizán

DÚAS PÁXINAS EN BRANCO

Magnífica comprensión a que permite considerar dúas obras, dúas ansias, dous gritos, un de morte e outro de pracer. Magnífico enlace entre María Mariño e mais eu.

María Mariño viviu e morreu, sen coñecerme, nun ambiente alleo para min. Por fortuna, escribiu para que a coñecese, eu e tantas lectoras e lectores que hoxe desenfiarnos as reflexións dunha pensadora única que traspoleirou con elegancia e astucia feminina, o pensamento e a gramática.

Novoneyra, con quen conversei en Madrid no verán do 63, non sabía, cando nos despedimos, que tiña un precioso galano agardándoo no Courel. Á súa chegada, aquel mozo guapo, con cabeza feita e boca emotiva, foi un abrete na vida de María, tanto estímulo poético como persoal. Pero o do Courel non era home de raptos. Mágoa. María devecía polo mar, e ficou chousa no carballal. Ter tiña a autoestima *das cousas que non se atopan*, cando a noiesa chegou á montaña, e facía das corredeiras, *a terra de sin pisadas onde podía remar*.

Un día, soubo que nunca remontaría as cadeas titánicas do Courel, e que un mal corrosivo, que aínda non tiña nome, estaba roéndolle o corpo, o corpo xeitoso do que presumía. Contra toda natureza, contra toda retención, alzou un forte berro para notificar a súa presenza no mundo, e, insólita, singularmente, cando o corpo lle anunciaba o acabamento, rebelóuselle a mente e decidiu permanecer no papel. A conciencia impúxose sobre a decadencia corporal e adoptou a escrita para axudarse a morrer e para non morrer e permanecer a través da palabra escrita. A poesía facilitoulle a conversa coa morte, sustentouna á hora de compenetrarse con ela, tan odiada, e para achegarse, a través da lectura da súa obra, nunha das convivencias máis profundas que pode haber, a quen a lemos.

María Mariño deixoume a súa conciencia cravada palabra a palabra, esas que a ignorancia veciñal supuña causa do seu mal, dada a condición de muller.

Sendo xa maior, escribe; eu nova, escribo case ao mesmo tempo. Anos 60. A década é nosa, María. Nada sabemos unha da outra.

Xa pode presentir a morte, porén é poeta da madurez. Publica o seu primeiro libro: *Palabra no Tempo* aos 56 anos; eu tamén son serodia como poeta. Teño 52 anos cando se publica *Metáfora da metáfora*. Poesía madura, sazónada en idades de reflexión. As nosas.

Dous puntos de semellanza, dous episodios acordes no tempo e na nosa historia literaria. Coincidencias azarosas, casuais. Unhas datas que cadran nas nosas vidas tan diversas. Ela non me coñeceu nin me leu.

Eu si. Busco o encontro, busco o común e comprendo. Teño a sorte de entrar na profundidade da súa poesía filosófica tan difícil de esquecer. A súa orixinalidade asómbrame; a ruptura lingüística fascíneme. Haber, houbo quen achacou esa fractura á ignorancia gramatical da autora, ao descoñecemento das leis da escrita! Ela que ensinaba a ler e escribir á infancia da bisbarra! Novoneyra alcumouna *dinamiteira da fala* con fortuna. Pero María Mariño non se limita a dinamitar. Non caen os anacos escritos ao chou, non deixa as palabras perdidas. Daquela, podo lela con asombro e recoñecemento, introducila no vangardismo e asombrarme coa súa ruptura lingüística. Porque derrama autenticidade e firmeza. A súa desviación é verdadeira. Non busca ser orixinal nin novidosa; non pretende que as lectoras queden pampas ante a súa mudanza ou desvarío sintáctico. É auténtica, pregúntase a si mesma onde comeza a realidade e onde acaba. De ser posible, ousaría dicir que non ten lectora implícita cando escribe.

Non fai unha escrita posmoderna. A súa distorsión da estrutura é coherente. Descompón a gramática ao tempo que organiza outra orde. Trastorna a sintaxe con completa lóxica. Crea novos termos. Todo dunha maneira consecuenta, de forma que non temos ningunha dificultade de interpretación nin de análise.

Calquera teoría precisa compoñer a súa propia linguaxe. Esa linguaxe permítelle considerar dous episodios da realidade dun xeito harmónico, sen perder o ritmo nin a beleza do conxunto. María Mariño, aínda coa morte por compañeira, puido sentir o gozo que se experimenta cando xorde unha nova comprensión, a percepción doutra harmonía. Fala co papel en branco. Un papel onde se abandona, como néboa, como sol, tanto débil como forte. *Negra sombra.*

Aquí che deixo, meu peito canso,

Neste branco papel trillado

Neste percuo das horas.

É nese papel branco onde busca as horas, onde demanda tempo de vida e de escrita. E preguntaranlle por ela. Quen es? Responde que é néboa, é o sol, é o farto, o sono que rexe nun mundo que verte tempo. O tempo que se lle vai, vértese coma un líquido. É o berro caladiño, entre arranque-brío, as

ondas que van, e as que veñen. A poeta pode ser un cúmulo de contradicións. É como a sombra rosaliana. Dicotómica. E, ao mesmo tempo, única. Ela.

*Papel branco,
trillado
papel,
berra
berra entre os fortes
desde onde as miñas verbas che magoan.*

Pídelle á páxina branca que berre entre os fortes, que teña forza e resista onde as súas verbas a magoan.

Morreu pouco despois sen saber que eu, no ano 1993, en *Despertar das amantes*, vou tomar como compañeira unha páxina en branco, e non a vou magoar, vou gozar con ela, íntima e sexualmente. Enchémola dun modo moi diferente.

*Nada se me separa do texto
Páxina branca.
Coa lingua encho de bicos o pa-pel
.....
Abrázoa como un corpo un
Agarimo letras como mamas
.....
Encho o papel que goza pola miña boca
Coas palabras que lle susurro.*

Anos despois, cando descubro un poema seu co mesmo motivo... Ah! Vexo saír o sol entre a néboa! Aínda que só o vise eu, só me asombrase a min, experimentei un enorme gozo intelectual ao encontrar dúas esencias comúns. Sentín un roce de pracer, unha unión, un claror na páxina en branco compartida, e ao tempo tan desviada. Este encontro sublime, só se goza en soidade. Ignoraba María Mariño que mo ía producir. Pero sentiuse impelida a escribilo e velaí. Grandiosa literatura!

VOCES DE FÓRA

DNOR

ANNA WICKHAM: ALIENACIÓN E LIBERDADE

MANUELA PALACIOS

Anna Wickham —pseudónimo de Edith Alice Mary Harper— (1883-1947) foi unha prolífica autora de máis de 1.400 poemas —dos que só unha quinta parte chegou a ser publicada en cinco libros de poesía. De fondas conviccións feministas, a súa obra entretéce vida e arte en manifesta confrontación coa poesía impersoal postulada polo Modernismo e vangarda anglófonos. A poesía de Wickham profunda na análise da experiencia e o autoconecemento, converténdose para a autora nun antídoto contra a monotonía da vida cotiá. Mais a súa non é só a expresión lírica das teimas dunha mente intelixente e afouta, senón que incorpora a denuncia das estruturas sociais que oprimen as vidas das mulleres, desafiando así a fascinación formalista dos poetas e da crítica da súa época. O conflito entre unha liberdade persoal arriscada e a necesidade de compracer á súa contorna familiar e social abriu unha fenda na súa mente que puido ser en parte a causa do seu suicidio en 1947.

Amiga da adiñeirada escritora Natalie Barney, Wickham participou no seu salón literario de París —polo que pasaron artistas e figuras literarias de renome como Anatole France, Rilke, Valéry, Rodin, Pound, Proust, Gertrude Stein, Sherwood Anderson, d'Annunzio, etc.— recibindo tanto sustento económico como alento literario da parte da súa mentora. Wickham publicou o poemario *Songs* (1911) baixo o pseudónimo de John Oland, e posteriormente *The Contemplative Quarry* (1915), *The Man with a Hammer* (1916) e *The Little Old House* (1921) —por me referir aos poemarios seleccionados para a presente escolma e tradución en *Dorna*. D.H. Lawrence, Harold Monro e David Garnett foron igualmente de gran axuda na difusión da poesía de Wickham noutros círculos artísticos e literarios, o cal favoreceu a publicación e o interese pola súa obra en América. Malia esta acollida favorable da súa obra —especialmente entre os anos 20 e 40— Wickham foi sempre consciente da súa posición periférica no sistema literario anglófono, así como da precariedade económica da súa actividade

literaria, chegando a afirmar «Tamén escribo porque son unha muller artista e debería coñecerse a historia do meu fracaso» (cit. en Smith, p. 52)¹.

Non foi alleo á súa marxinalidade o feito de que, aínda que nacera en Inglaterra, a familia se trasladase axiña a Australia, onde Wickham viviu ata os vinte e un anos. A modesta orixe da súa familia tampouco favoreceu a súa integración ao seu retorno a Inglaterra en 1904. Casou co avogado Patrick Hepburn, quen restrinxiu o seu papel aos coidados da familia e do fogar, obstaculizando a súa dedicación literaria e someténdoa a malos tratos. Wickham agardara atopar nel unha complicidade intelectual que nunca se deu. A infelicidade deste matrimonio e a guerra de sexos son, xa que logo, temas recorrentes na súa poesía. Tampouco a experiencia da maternidade foi tan reconfortante como ela anticipara, pero é de salientar o seu activismo na loita polos dereitos e a protección das nais. O encontro coa outredade e a marxinação, a subxectividade dividida, o tropo do espello e a dobre identidade da escritora —como muller e artista, como figura pública e ser antisocial e salvaxe— son motivos e temas característicos da súa obra.

Abundan na súa poesía os espazos claustrófobos de cuartos e casas nos que as mulleres se ven reducidas a un papel de servidume. Na súa procura de liberdade, imaxinaba a poeta espazos de creación artística que consideraba, en realidade, produto de mentes andróxinas, o cal suscita evidentes paralelismos co pensamento de Virginia Woolf. Certamente, ambas as dúas mulleres beberon da fonte do discurso sufragista de principios do século XX. As dúas escritoras souberon así mesmo tornar o seu contacto coa institución psiquiátrica nunha produtiva experiencia literaria.

Wickham cultivou tanto a composición poética convencional con contidos heterodoxos como as formas irregulares en métrica e ordenación lóxica. Desconfiaba da orde e da simetría. Distinguiuse así mesmo polo seu uso da ironía para censurar a hipocrísia burguesa e a mistificación do anxo do fogar, trocando o estereotipo feminino pola figura da artista emancipada. Procurou, en suma, a liberdade poética e persoal.

MANUELA PALACIOS. Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, Universidade de Santiago de Compostela. ORCID: <http://orcid.org/0000-0002-7470-441X>. Esta introdución encádrase no proxecto de investigación MINECO-FEDER: FEM2015-66937-P.

¹ Smith, R.D. (ed.). *The Writings of Anna Wickham: Free Woman and Poet*. London: Virago, 1984. Recomendo polo seu especial interese a tese de doutoramento de Josefina Pérez Rolán «The Silenced Voices of Modernist Poetry: Charlotte Mew, Anna Wickham and Sylvia Townsend Warner» presentada na Universidade de Compostela en 2006.

THE ARTIST'S LIFE

Interpretation

The dreamer found his house
Narrow and stained with years.
The wise man said 'How can this stand!
The tinder walls will fall,
The old roof crush that fool.'

But the garden of the house
Was full of kindly trees,
And brave birds built low nests on little shrubs,
And all small beasts were friends.
At night the marching stars stooped to the house,
And in blue brittle light Truth spoke.
A wanton and an old poor man
Strayed to the garden.
And in the charmed shadows, sang
A clear, clear song.
The dreamer laughed, 'Let the house fall!'

De *Songs of John Oland* (1911)

A vida do artista

Interpretación

O soñador atopou a súa casa
cativa e descolorida polo paso dos anos.
O sabio dixo: “Como pode terse en pé!
os muros cuarteados acabarán por caer,
o vello teitume ha esmagar ese parvo’.

Mais o xardín da casa
estaba cheo de árbores frondosas,
os paxaros valentes fixeron nos arbustos niños baixos,
e todas as criaturiñas eran amigas.
Pola noite, as estrelas detiveron o seu curso riba da casa
e a Verdade falou baixo a luz quebrada.
Un pobre vello extravagante
chegou descarreirado ao xardín.
Entre as sombras feiticeiras entoou
unha canción clara, nidia.
O soñador riu: “Deixade que caia a casa!”

A SONG OF MORNING

The starved priest must stay in his cold hills.
How can he walk in vineyards,
Where brown girls mock him
With kisses, and with the dance!
You, O son of Silenus, must live in cities,
Where there is wine,
Where there are couches for rank flesh,
Where women walk in streets.

But I will be a conqueror,
Strong to starve and feast.
I will go up into the hills.
With club and flint I will fight hairy men
I will break a head as I throw down a cup;
I will spill my blood as I throw down wine at a feast;
I will break mountain ice for my bath;
I will lie upon cold rock, and I will dream

Then I will come down into the cities,
Slim, but for my great sinews.

And I will walk in the streets of women.
The women will be behind their curtains.
And they will fear me.

I will be strong to live beyond the law;
I will be strong to live without the priest;
I will be strong, no slave of couches.

I will be a conqueror,
Mighty to starve and feast.

De *The Contemplative Quarry* (1915)

Canción de amencer

O crego consumido debe ficar nos cumes fríos.
Como ousa pasear polos viñedos
onde as rapazas morenas fan burla del
lanzándolle bicos entre bailotadas!
Ti, fillo de Sileno, debes reinar nas cidades,
onde hai viño,
onde hai sofás para as carnes rebordantes,
onde as mulleres pasean polas rúas.

Pero serei unha guerreira
resistente igual ás fames e ás enchentes.
Subirei aos cumes.
Batallarei contra os homes de pelo mesto a pedradas e a paus,
fenderei cabezas coma quen creba copas,
verterei o meu sangue coma quen derrama viño nunha festa,
con xeo trinzado dos cumios prepararei o meu baño,
deitareime na rocha fría e soñarei.

Logo descenderei ata as cidades,
esguía mais coas coxas rexas.

E andarei polas rúas das mulleres.
As mulleres agocharanse tras as cortinas.
E temeranme.

Serei forte para vivir á marxe da lei.
Serei forte para vivir sen a cregaxe.
Serei forte, endexamais escrava dos sofás.

Serei unha guerreira,
vencedora na fame e as enchentes.

THE MARRIAGE

What a great battle you and I have fought!
A fight of sticks and whips and swords,
A one-armed combat,
For each held the hand pressed left close to the heart,
To save the caskets from assault.

How tenderly we guarded them;
I would keep mine and still have yours,
And you held fast to yours and coveted mine.
Could we have dropt the caskets
We would have thrown down weapons
And been at each other like apes.
Scratching, biting, hugging
In exasperation.

What a fight!
Thank God that I was strong as you.
And you, though not my master, were my match.
How we panted; we grew dizzy with rage.
We forgot everything but the fight and love of caskets.
These we called by great names-
Personality, Liberty, Individuality.

Each fought for right to keep himself a slave
And to redeem his fellow.
How can this be done?

But the fight ended.
For both was victory;
For both there was defeat.
Through blood we saw the caskets on the floor.
Our jewels were revealed:
An ugly toad is mine,
While yours was filled with most contemptible,
small snakes.
One held my vanity, the other held your sloth.

The fight is over, and our eyes are clear.-
Good friend, shake hands.

O matrimonio

Que grande a batalla que ti mais eu libramos!
Guerra de paus e látegos e espadas,
un combate manco,
pois cada un de nós ten unha man protexendo o corazón,
para gardar os cofres do ataque.

Con que tenrura os defendemos,
podería conservar o meu e aínda ter o teu,
agarrácheste forte ao teu e cobizaches o meu.
Se liberásemos os cofres
depoñeríamos as armas
e seríamos un co outro coma os monos.
Rabuñándonos, roéndonos, apertándonos
exasperadamente.

Vaia guerra!
Grazas a Deus son tan forte coma ti.
Fuches a miña parella, mais non o meu amo.
Como nos sufocamos. A ira céganos.
Esquecemos todo agás a loita e o amor polos cofres.
Eses aos que lles damos grandes nomes:
Personalidade, Liberdade, Individualismo.

Cada un de nós loitaba por conservar un escravo
e redimir o compañeiro.
Como logralo?

Pero a guerra rematou.
Ambos os dous gañamos,
ambos os dous perdemos.
Atopamos os cofres no chan bañados en sangue.
As alfaías quedaron ao descuberto.
O meu tiña un sapo horrible
o teu a máis noxenta das serpes.
Un gardaba a miña vaidade, o outro a túa indolencia.

A guerra rematou, os nosos ollos brillan limpos.
Benquerido amigo, deámonos a man.

TO A YOUNG BOY

Poor son of strife
Child of inequality and growth
You will never learn; you have only to live.
You will never know the peace of order,
Routine will crush you.
Safe toil has always thought of time,
But you will work in utter concentration,
Fierce as fire.

You will find no steady excellence:
You will spend your life in a ditch, grubbing for grains of gold.
Remember, my dear son,
That gold is gold.

You will find no steady virtue:
You will live sometimes with holy ecstasy, sometimes with shoddy sin.

You will keep no constant faith,
But with an agony of faithful longing you will hate a lie.
Life will give you no annuity.
You will always be at risk.
There is one technique, one hope and one excuse for such as you.
And that is courage.

A un rapaz

Pobre fillo do conflito
froito da desigualdade e do desenvolvemento
nunca aprenderás: abonda con que vivas.
Nunca coñecerás a paz da orde,
a rutina esmagarate.
A angueira dura, sen riscos, precisou sempre de tempo,
mais has traballar en completa concentración,
temible coma o lume.

Non atoparás a excelencia perpetua:
Malgastarás a vida nun buraco, cavando na procura de pebidas de ouro.
Lembra, meu benquerido fillo,
que o ouro é só ouro.

Non atoparás a virtude perpetua:
vivirás por veces en éxtase divina e outras en deplorable pecado.
Non manterás unha fe constante,
mais odiarás a mentira cun agoniar de degoxo fiel.

A vida non che dará rendas.
Vivirás sempre con apuros.
Hai unha técnica, unha esperanza e unha escusa para os que son coma ti,
e esa é a coraxe.

SONG OF THE LOW-CASTE WIFE

What have you given me for my strong sons?
O scion of kings!
In new veins the blood of old kings runs cold.
Your people thinking of old victories, lose the lust of conquest,
Your men guard what they have.
Your women nurse their silver pots.
Dead beauty mocks hot blood!
What shall these women conceive of their chill loves
But still more pots?

But I have conceived of you new men;
Boys brave from the breast,
Running and striving like no children of your House,
And with their brave new brains
Making new myth.

My people were without, while yours were kings.
They sang the song of exile in low places
And in the stress of growth knew pain.
The unprepared world pressed hard upon them;
Women bent beneath burdens, while cold struck babes,
But they arose strong from the fight,
Hungry from their oppression.
And I am full of lust,
Which is not stayed with your old glories.
Give me for all old things that greatest glory-
A little growth.

Am I your mate because I share your bed?
Go then! Find each day a new mate outside your house.
I am your mate if I can share your vision.
Have you no vision, king-descended?
Come share mine!
Will you give me this, for your sons?
O scion of kings!

De *The Man with a Hammer* (1916)

Canción da muller de clase baixa

Que me deches para os meus rexos fillos?
Oh, descendente de reis!
O sangue dos vellos reis xeouse nas veas novas.
A túa xente, soñando nas vellas vitorias, abandona o devezado da conquista,
os teus homes miran polo que teñen.
As túas mulleres coidan das olas prateadas.
A beleza morta búrlase do sangue quente!
Que poden agardar esas mulleres deses seus amores imposibles
senón máis olas?

Pero eu véxovos coma homes novos,
mozos afoutos dende o berce
correndo e loitando como ninguén da vosa casa,
espíritos renovados e valentes
creando un novo mito.

A miña xente non tiña nada, mentres que a vosa era de liñaxe de reis.
Cantou a canción do exilio en lugares humildes
e padeceu dor na loita por medrar.
O mundo inclemente petou duro nela.
A mulleres pandábanse co peso, mentres o frío aterecía os seus fillos,
mais alzáronse indomables na loita,
esgarecidas pola opresión.
Apoderouse de min ese degoro,
do que nada resta nas vosas vellas glorias.
Fronte a todo ese pasado, reclamo a maior das glorias:
medrar.

Acaso son a túa compañeira porque compartimos o leite?
Veña! Procura fóra da casa unha nova compañeira cada día.
Porque podo ser a túa compañeira se compartimos o mesmo soño.
É que non tes soño ningún, descendente de reis?
Comparte o meu!
Concederásmo polos teus fillos?
Oh, descendente de reis!

DIVORCE

A VOICE from the dark is calling me.
In the close house I nurse a fire.
Out in the dark, cold winds rush free,
To the rock heights of my desire.
I smother in the house in the valley below,
Let me out to the night, let me go, let me go!

Spirits that ride the sweeping blast,
Frozen in rigid tenderness,
Wait! For I leave the fire at last,
My little-love's warm loneliness.
I smother in the house in the valley below,
Let me out to the night, let me go, let me go!

High on the hills are beating drums.
Clear from a line of marching men
To the rock's edge the hero comes.
He calls me and he calls again.
On the hill there is fighting, victory, or quick death,
In the house is the fire, which I fan with sick breath.
I smother in the house in the valley below.
Let me out to the dark, let me go, let me go!

Divorcio

Na escuridade, chama por min unha voz.
Atendo o lume no lar pecho.
Fóra, no escuro, o vento xeadado esvara veloz,
ata as alturas rochosas do meu desexo.
Sinto como a fogo nesta casa do val,
déixame saír á noite, déixame marchar, marchar!

Os espíritos cabalgan nos témeros refachos,
en tenrura rixida aterecidos.
Agarda! Veláí deixo o lume abandonado,
a cálida soidade do meu amor cativo.
Sinto como a fogo nesta casa do val,
déixame saír á noite, déixame marchar, marchar!

No alto dos cumes soan os tambores.
Destacado dunha ringleira de homes en marcha
chega ata o gume da rocha o heroe.
Chama por min, chama.
No cume hai loita, vitoria ou rápida morte,
Na casa arde o lume no que sopro con alento podre.
Sinto como a fogo nesta casa do val,
déixame saír á noite, déixame marchar, marchar!

REMEMBRANCE

What shall I do with my marriage dress?
In which I walked the lover's way?
Shall I wear it in forgetfulness,
Through a less honoured day?
Shall fastenings he has drawn for his delight,
Be loosed by a less honoured hand, at night?

Lembranza

Que vou facer con este vestido de noiva
co que andei o camiño do amor?
Levareino na desmemoria
durante unha xornada de escaso honor?
Deberían os peches que desabrochou para a súa felicidade
ceder de noite ante unha man de menor honorabilidade?

THE FRESH START

O GIVE me back my rigorous English Sunday
And my well-ordered house, with stockings washed on Monday.
Let the House-Lord, that kindly decorous fellow,
Leave happy for his Law at ten, with a well-furled umbrella.
Let my young sons observe my strict house rules,
Imbibing Tory principles, at Tory schools.

Two years now I have sat beneath a curse
And in a fury poured oushodt frenzied verse,
Such verse as held no beauty and no good
And was at best new curious vermin-food.

My dog is rabid, and my cat is lean,
And not a pot in all this place is clean.
The locks have fallen from my hingeless doors,
And holes are in my credit and my floors.

There no solace for me, but in sooth
To have said baldly certain ugly truth.
Such scavenger's work was never yet a woman's,
My wardrobe's more a scarecrow's than a human's.

I'm off to the House-goddess for her gift.
"O give me Circumspection, Temperance, Thrift;
Take thou this lust of words, this fevered itching.
And give me faith in darning, joy of stitching! "

When this hot blood is cooled by kindly Time
Controlled and schooled, I'll come again to Rhyme.
Sure of my methods, morals and my gloves,
I'll write chaste sonnets of imagined Loves.

Ilusionante comezo

Devólveme o meu domingo inglés co seu rigor
e a miña casa ben ordenada coas medias que lavei o luns anterior.
Deixa que o Señor da Casa, ese individuo tan educado,
marche feliz ás dez ao Oficio cun paraugas pregado.
Deixa que os meus rapaces respecten na casa as estritas normas,
impregnándose dos principios conservadores nas escolas conservadoras.

Vivo presa dunha maldición dende hai dous anos
e furiosa aneguei todo de versos irados,
versos sen beleza sen engado,
pasto para animalias, novo e raro.

O meu can está rabioso, o meu gato fraco,
e en toda a casa non teño limpo un só cacharro.
Sen gonzos nin pechaduras as portas,
esburacados chan e honra.

Non hai consolo para min, agás, en realidade,
ter dito como puiden unha verdade pouco agradable.
Este labor de rebuscar entre cascallos non foi o dunha muller ata o de agora,
pero o meu armario é máis o dun espantallo que o dunha persoa.

Marcho canda a deusa para que infunda en min novas calidades.
Oh, dáme Prudencia, Temperanza, Austeridade.
Sexa para ti esta sede de palabras, este febril proído.
Veña a min a fe zurcidora, beizón do cosido!

Cando este fervor do sangue ceda con sandador paso do Tempo,
cando o controle e amanse, a Poesía verá o meu regreso.
Segura da miña técnica, da miña moral e das miñas luvas,
escribirei castos sonetos de paixóns puras.

DEDICATION OF THE COOK

If any ask why there's no great She-Poet,
Let him come live with me, and he will know it
If I'd indite an ode or mend a sonnet,
I must go choose a dish or tie a bonnet,
For she who serves in forced virginity
Since I am wedded will not have me free;
And those new flowers my garden is so rich in
Must die for clammy odours of my kitchen.

Yet had I chosen Diana's barrenness
I'm not full woman, and I can't be less,
So could I state no certain truth for life,
Can I survive and be my good man's wife?

Yes! I will make the servant's cause my own
That she in pity leave me hours alone
So I will tend her mind and feed her wit
That she in time have her own joy of it;
And count it pride that not a sonnet's spoiled
Lacking her choice betwixt the baked and boiled.
So those young flower my garden is so rich in
Will blossom from the ashes of my kitchen!

De *The Little Old House* (1921)

A entrega da cociñeira

Se alguén pregunta por que non hai ningunha poeta brillante,
deixádeo vir vivir comigo, comprenderao ao instante.
No canto de retocar un soneto ou escribir unha oda,
teño que elixir un prato ou atarme unha cofia,
pois a que serve en virxindade forzada,
des que casei non quere verme liberada;
E esas flores novas que no meu xardín inzan
morren polos olores pegañentos da cociña.

Por ter elixido a esterilidade de Diana
non son unha muller completa e non quero sentirme demediada.
Así pois, se na vida nin unha soa verdade dou mantido,
como vou sobrevivir e ser a esposa do meu bo marido?

Si! Farei propia a causa da serventa
que por mágoa me deixe unhas horas vagarenta
e así alimentar o seu espírito e coidar a súa intelixencia
para que co tempo se atope ben contenta.
Que confese con orgullo que ningún soneto veu perdido
por ter que escoller entre cocido e fervido.
E que así, esas flores novas que no meu xardín inzan,
florezan das cinzas da miña cociña!



*Poéticas para
Francisco Cortegoso*

POÉTICAS

Alba Gid

Nos antípodas, unha columna asmat

"Forms, flames, and the flakes of flames"
Wallace Stevens, "Nomad Exquisite"

1.
Intuír o bosque na dispersión das sementes.

2.
Ante a memoria que superpón os acontecementos, propoño erixir unha columna de palabras.

Pero para que serve unha columna? —preguntaron.
Para recibir as cargas das extremidades e a bóveda celeste
para protexer o trezado dos nervios, espiña abaixo
ou relatar en espiral infinita as campañas de guerra de Traxano

unha columna serve, entre os asmat, para conmemorar o que marcha.

3.
Papúa occidental, costa sur:
os asmat chámanse a si mesmos *nós, a xente das árbores*
habitan un ecosistema de transición entre o terrestre e o mariño,
son excepcionais no traballo da madeira
e desde que o fillo dun gobernador neiorquino desapareceu entre eles,
teñen unha fama nefasta como cazadores de cabezas.

4.
Apenas madeira e pigmentos
cada columna *bis* é tallada dunha única peza de mangleiro
e elévase seis, sete metros.

No interior da madeira
o escultor pode ver a memoria das mareas,
cristais de sal que coagulan até formar rostros.



A noite —músculo e pelaxe— sobre eles,
arrincan a cortiza,
e o material vólvese, coma o pescozo das anduriñas, vermello.

5.

Aquí, erixir unha homenaxe quere dicir inverter unha árbore

de modo que unha das súas raíces se converte en ave do paraíso, filigrana,
parapente,

o perfil evasé dunha cala.

Dada a volta, a raíz exhibe o mundo ecoante dos que foron
e canto estivo embaixo, pode agora
soster unha onza de ceo.

Na base do mastro escúltese unha canoa,
unha embarcación lixeira cuxo extremo se introduce na terra.

6.

Cando a cerimonia remata, a columna é transportada aos campos de pal-
meira sagú,

—que equivale a dicir aos campos de trigo ou cebada—


e alí se descompón, para que o poder dos representados
infusione
calmamente
no futuro alimento.

París, maio de 2017

*—na memoria, o París de maio de 2015,
as imaxes de pozos xeométricos ao deixar atrás Vagator e Anjuna,
as tardes na Provenza ou nos lameiros de Whitman,
o beliscar a pel das mans na India,
a certeza de que tamén os peixes, por algún motivo,
fan xiros na auga para reflectir en lampos a luz do outro mundo—*

Alicia Fernández

Seica a trouxeron de México
para alimentar o *Dactylopiis coccus*.
Nin vento nin seca. E catro séculos
despois oñeselles pónela en perigo
co mesmo insecto. Non sei
o que daría por explicarche
como se montaran as figues
de moto.



Gonzalo Hermo

Fran,

Como darei celebrado o noso encontro? *Todo pensamento emite unha tirada de dados, unha constelación.* Volvo a ti de cada vez tentando o azar, sen compás para atopar o norte. Tronzou a rosa dos ventos. Guíame agora a memoria do corazón.

Pero ti estabas aquí a primeira vez que me sentín libre. Foi na Noite Vella de 2005. Rompemos un pacto tácito cos nosos e decidimos despedir o ano os dous sós. Era unha noite de luada sen estrelas. Brindamos cun champaña barato pola vida nova.

A vida impúxose desde aquela e ti fixeches camiño. Os teus ollos vían o mundo na súa intensidade. Eu observábao a través de ti. Extensas crónicas desde o estranxeiro que gardo na memoria como un tesouro.

Dixéchesme: «Nas rúas de París non hai bancos. A cidade está disposta para que as masas de traballadores non se deteñan e o capital circule sen atrancos». A cultura da metrópole non foi pensada para ser tocada por mans pobres.

Na Provenza fuches máis feliz. Camiño de Marsella, viches a montaña de Santa Vitoria emerxer da terra como se fose unha aparición. Alí, onde Cézanne se anticipou a Picasso, ti dicías adeus ao Romanticismo. Pensabas o poema na súa dimensión material, como se fose un corpo cargado de amor e de beleza.

As postais desde Véneto, desde Londres, desde Varsovia. Da India, o azucre no fociño das vacas. Un feixe de corpos amontoados na paisaxe como se fosen lixo. Toneladas de lixo nas rúas, nos ríos, no campo. A desgarrada beleza da colonia. A diferenza.

De regreso a Galicia, o Miño nacéndoche baixo os pés no pedregal de Irimia. Unha aldea abandonada no concello de Sober, máis fermosa ca as vilas da Toscana. A catedral de Mondoñedo como ruína do tempo.

Pero antes, moito tempo antes de todo isto, houbo un xardín. Un espazo natural ordenado pola man da túa avoa. Alí, un neno rural, dun rural onde a cidade está preto, observa as calas, a emerxencia dos gladíolos, entre tanto os rapaces da súa idade gabean polas árbores.

Dixéchesme: «Con razón o ameneiro é a túa árbore favorita, é delgada e dúctil coma ti».

Sen ningunha dúbida, ti eras un carballo.

No hospital, o acento daquela enfermeira á que lle custaba seguirte cando lle falabas en galego. «Debe ser vasca», dixeches. Eu apostaba a que era de Aragón. Ao final, resultou ser de Monte Porreiro.

O teu sorriso grande e limpo e aberto.

A lección dos momentos finais, aquela paixón entregada pola vida.

Tiven tempo de levarte ao meu recuncho de retiro en Berres, a onde fuxía cando Santiago se me facía pequeno. Bañámonos no Ulla, era un día de calor. A auga estaba inzada de zapateiros. Dixeches: «Non lles teñas noxo, os zapateiros cumpren a súa función no ecosistema, limpan o río». Vimos unha ra escorregar pola greta dunha rocha. Sentínme preto de ti nun sentido moi profundo.

As palabras que dixeches e que eu non puiden dicir.

Todo o que calei para non romper o teu silencio sobre a morte.

Os pasos do dó transitan ás veces por camiños pouco saudables. Como darei celebrado o noso encontro?

Ben o sei. Este texto é unha trampa. Cos mortos non se pode falar.

E, no entanto, ti estás comigo mentres avanzo.

Porque a memoria é o presente.

Jesús Castro Yáñez

A Fran (Un diálogo)

Que son fai unha flor ao abrir?

-É tenro o silencio da noite.

Que son fai unha flor ao murchar?

-Cada vez gústame máis calar.

Que son fai unha flor ao marchar?

hai finais que non están no corpo
case todos

fóra máis ca un lugar é movemento
co que relevamos á nosa quietude
para acompañarnos o un ao outro

falando cara

fóra

non hai outro xeito

dicimos

o oco que deixamos nas cousas

e aínda así seguimos repetíndonos

nos nosos nomes queréndonos desaparecer

desaparecéndonos acompañados o un e o outro

e ata escribimos enmarcamos o que estaría

na linguaxe de todos os xeitos e libre

talvez para recoñecernos nun rastro

atoparnos na última das formas

canda o contorno que deixa un final

e alí un pequeno trazo tódalas respostas

Oriana Méndez

Volve branca a cala

A turba clausurada na fronteira
dos beizos
do que nunca, do que xea e envolve
este límite:

esa é a membrana que protexe ao desexo
do abismo

O que xea é
unha chave en cada boca

Avanzo sobre o tempo como se desliza
como galopan eses cans sobre a
neve, sobre as brasas
e ti observas e entrambos
a cinza que é poalla
frío, resto que se incorpora
do que xa é
o fondo do fondo do aire

empurras no aire
cunha sede que
inunda o asilo
inunda pés alados
tende a despregar un horizonte

pero pleno insomnio
cae

Desde outro lugar
noutra lingua que xa chega
fóra das sombras
de novo floreces que xa chega
nos cristais que navegan por dentro





DORNA

SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 **AFRA TORRADO**
espiño
- 10 **ALBA MARÍA**
Fronteira
- 11 **ALFONSO PEXEGUEIRO**
Hipatia. Ao atardecer, o nada
Sen temblaxe (humillar sen temblor na linguaxe)
- 15 **CARLOS NEGRO**
Debuxos desanimados
- 21 **CHUS PATO**
[Onde o soño te alza es menor que o tamaño dunha flor]
[Voces trotan na menteprimavera]
[Profundidade]
[Amaba as cidades]
- 25 **DANIEL SALGADO**
Ensaíos
- 30 **DAVID MIRANDA**
Incipit
- 32 **DORES TEMBRÁS**
[a distancia]
- 34 **JORGE RODRÍGUEZ DURÁN**
Tetralexía da Procura Afectiva

- 36 LUCÍA ALDAO
[*O silencio e a vergoña son amigos dos meus amigos*]
- 37 MANUEL XOSÉ NEIRA
Collage cultural
- 40 MARÍA DO CEBREIRO
A folla de papel
- 42 MARÍA LADO
Interferencias Narf
- 46 MARILAR ALEIXANDRE
meu pai fai 98 anos
- 48 PAULINO VÁZQUEZ
(A acacia, encontro con Claude Simon)
- 51 RAÚL COSTAS
Tanatolóxico
- 53 DANIEL ASOREY
Un número na lista
- 58 REXINA VEGA
Cigarros e paporroibo
- 61 VANESA SANTIAGO VÁZQUEZ
A bruxa daquel verán
- 67 XAVIER QUEIPO
Metamorphose caracol
- 72 MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
Dúas páxinas en branco
- 75 **VOCES DE FÓRA**
- 76 ANNA WICKHAM: ALIENACIÓN E LIBERDADE
Introdución (Manuela Palacios)
- 78 ANNA WICKHAM
[The artist's life. Interpretation] | [*A vida do artista. Interpretación*]
[A song of morning] | [*Canción de amencer*]
[The marriage] | [*O matrimonio*]
[To a young boy] | [*A un rapaz*]
[Song of the low-caste wife] | [*Canción da muller de clase baixa*]

[Divorce] | [*Divorcio*]

[Remembrance] | [*Lembranza*]

[The fresh start] | [*Ilusionante comezo*]

[Dedication of the cook] | [*A entrega da cociñeira*]

97 **POÉTICAS**

99 ALBA CID

101 ALICIA FERNÁNDEZ

102 GONZALO HERMO

104 JESÚS CASTRO YÁÑEZ

105 ORIANA MÉNDEZ

Este volume da revista
Dorna. Expresión poética galega
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta
Universitaria. Compostela,
outono de 2017



DORNA

